



Facultade de Humanidades - Campus de Lugo
Grao en Xestión Cultural (modalidade virtual)

**Liminalidade e Transición:
Ritos de Pasaxe nas Transmasculinidades**

Autor: Nee Barros Fernández

Titora: Luzia Oca González

Ano académico: 2024/2025

*Para o meu corpo liminal,
e para todas as persoas que me ensinaron a posibilidade de habitalo.*

*"Eu creo que non é que odiara o meu corpo. Odiaba que o meu corpo non entrara nestes estándares e era a quen llo facía pagar. Pero o meu corpo sempre me serviu para dar abrazos, para comer, para ir correr polo monte coa bicicleta. O meu corpo... jo, é unha cosa moi increíble.
E ponme moi triste telo tratado mal."*

- Éric Dopazo, entrevista de elaboración propia, 2025

Índice

Título.....	4
Palabras chave.....	4
Resumo.....	4
Introdución.....	7
1. Obxectivos e metodoloxía.....	10
1.1. Obxectivos.....	10
1.2. Metodoloxía.....	11
2. Contidos.....	15
2.1. Análise das entrevistas.....	15
2.1.1. As definicións.....	15
2.1.2. Os ritos de pasaxe roubados e a non-pertenza ás comunidades.....	18
2.1.3. O descubrimento da identidade trans.....	20
2.1.4. O nome como aspecto central.....	22
2.1.5. A roupa como punto de transición.....	25
2.1.6. A saída do armario.....	28
2.1.7. As mudanzas do corpo: as hormonas.....	31
2.1.8. As mudanzas do corpo: as operacións.....	37
2.1.9. As mudanzas da sexualidade.....	40
2.1.10. As mudanzas da documentación.....	43
2.1.11. As mudanzas des outros.....	46
2.2. O podcast.....	47
2.2.1. "01 Começo em testosterona".....	47
2.2.2. "02 Sam Xoam ou o solstício de veram na Galiza - 2 semanas em testosterona"	48
2.2.3. "03 O velório irlandês - 1 mês em testosterona".....	48
2.2.4. "04 O ma'giri' na Indonésia - 1 mês e médio em testosterona".....	48
2.2.5. "05 O Dashain no Nepal - 2 meses em testosterona".....	49

2.2.6. "06 O ritual da Tucandeira no Brasil - 2 meses e médio em testosterona".....	49
2.2.7. "07 O Samhain na Irlanda - 3 meses em testosterona".....	49
2.2.8. "08 O Loi Krathong na Tailândia - 3 meses e médio em testosterona".....	49
2.2.9. "09 O ritual do Zār no Egito - 5 meses em testosterona".....	50
2.2.10. "10 O Ano Novo chinês - 6 meses em testosterona".....	50
2.2.11. "11 As tatuagens em Samoa - 7 meses em testosterona".....	50
2.2.12. "12 A Famadihana em Madagascar - 8 meses em testosterona".....	50
2.2.13. "13 O Maryaj Lwa no Haiti - 9 meses em testosterona".....	51
2.2.14. "14 O festival do Agemo na Nigéria - 11 meses em testosterona".....	51
2.2.15. Mapa con todos os episodios e rituais xeolocalizados.....	51
3. Conclusións.....	52
4. Bibliografía consultada.....	55
Apéndice I: entrevista ao Éric Dopazo.....	58
Apéndice II: entrevista ao Ares Piñeiro.....	84
Apéndice III: entrevista ao Shiloh Shakin.....	109
Apéndice IV: consentimentos informados asinados.....	123

Título

- Liminalidade e Transición: Ritos de Pasaxe nas Transmasculinidades
- Liminalidad y Transición: Ritos de Paso en las Transmasculinidades
- Liminality and Transition: Rites of Passage in Transmasculinities

Palabras chave

- Transmasculinidades, ritos de pasaxe, identidade de xénero, liminalidade, transición, corpo, estudos trans.
- Transmasculinidades, ritos de paso, identidade de género, liminalidad, transición, cuerpo, estudios trans.
- Transmasculinities, rites of passage, gender identity, liminality, transition, body, trans studies.

Resumo

Os ritos de pasaxe son manifestacións culturais que marcan a transición entre estados vitais, sociais ou temporais. Este Traballo de Fin de Grao explorará este concepto aplicado ás experiencias das persoas trans, concretamente aos homes trans e transmasculinidades. Partindo da conceptualización de Van Gennep (1909), analizaremos os procesos de separación, transición e agregación para entender como as persoas transmasculinas conceptualizan e experimentan as súas propias transicións, tanto médicas como sociais.

O traballo está estruturado en dúas partes complementarias. Na primeira, a través dunha análise cualitativa e centrada en entrevistas, recollerá as perspectivas de tres xeracións de homes trans e persoas transmasculinas: o Ares Piñeiro López (1972), o Éric Dopazo (1993) e o Shiloh Shakin (2006). Esta aproximación interxeracional permitirá identificar elementos rituais e antropolóxicos que acompañan estas transicións, reflexionando sobre os desafíos e significados que definen as transmasculinidades no contexto contemporáneo.

Na segunda parte, de carácter práctico, desenvolveremos o podcast *Um T com Nee*, concebido como unha aplicación directa dos coñecementos teóricos. A través dun enfoque achegado á autoetnografía, o podcast combinará a recollida da experiencia da transición hormonal do investigador coa análise de ritos de pasaxe de diversas culturas. Así, cada episodio establecerá un diálogo entre as mudanzas derivadas da hormonación e os procesos rituais doutras sociedades, evidenciando que as transicións forman parte da condición humana.

O obxectivo deste traballo é ofrecermos unha perspectiva antropolóxica sobre a diversidade de experiencias trans, contribuíndo ao coñecemento dun ámbito aínda pouco estudado. Ademais, colocaremos o foco na importancia dos ritos persoais e comunitarios como ferramentas para reforzar a axencia das persoas trans.

Los ritos de paso son manifestaciones culturales que marcan la transición entre estados vitales, sociales o temporales. Este Trabajo de Fin de Grado explorará este concepto aplicado a las experiencias de las personas trans, concretamente de los hombres trans y las transmasculinidades. Partiendo de la conceptualización de Van Gennep (1909), analizaremos los procesos de separación, transición y agregación para entender cómo las personas transmasculinidades conceptualizan y experimentan sus propias transiciones, tanto médicas como sociales.

El trabajo está estructurado en dos partes complementarias. En la primera, a través de un análisis cualitativo centrado en entrevistas, recogerá las perspectivas de tres generaciones de hombres trans y personas transmasculinidades: Ares Piñeiro López (1972), Éric Dopazo (1993) y Shiloh Shakin (2006). Esta aproximación intergeneracional permitirá identificar elementos rituales y antropológicos que acompañan estas transiciones, reflexionando sobre los desafíos y significados que definen las transmasculinidades en el contexto contemporáneo.

En la segunda parte, de carácter práctico, desarrollaremos el pódcast *Um T com Nee*, concebido como una aplicación directa de los conocimientos teóricos. A través de un enfoque cercano a la autoetnografía, el pódcast combinará el registro de la experiencia de transición hormonal del investigador con el análisis de ritos de paso de diversas culturas. Así, cada episodio establecerá un diálogo entre los cambios derivados de la hormonación y los procesos rituales de otras sociedades, evidenciando que las transiciones forman parte de la condición humana.

El objetivo de este trabajo es ofrecer una perspectiva antropológica sobre la diversidad de experiencias trans, contribuyendo al conocimiento de un ámbito aún poco estudiado. Además, pondremos el foco en la importancia de los ritos personales y comunitarios como herramientas para reforzar la agencia de las personas trans.

Rites of passage are cultural manifestations that mark transitions between vital, social, or temporal states. This Final Year Project will explore this concept as applied to the experiences of trans people, with a particular focus on trans men and transmasculine identities. Drawing on Van Gennep's (1909) conceptual framework, we will examine the processes of separation, transition, and incorporation in order to understand how transmasculine individuals conceptualise and experience their own transitions, both medical and social.

The project is structured in two complementary parts. The first part, through a qualitative approach based on interviews, will collect the perspectives of three generations of trans men and transmasculine people: Ares Piñeiro López (1972), Éric Dopazo (1993), and Shiloh Shakin (2006). This intergenerational approach will enable the identification of ritual and anthropological elements that accompany these transitions, offering reflections on the challenges and meanings that shape transmasculinities in contemporary contexts.

The second part, of a practical nature, will focus on the development of the podcast *Um T com Nee*, conceived as a direct application of the theoretical knowledge acquired. Using a method close to autoethnography, the podcast will combine documentation of the researcher's experience of hormonal transition with the analysis of rites of passage from various cultures. Each episode will establish a dialogue between the changes brought about by hormone therapy and the ritual processes of other societies, highlighting that transition is a part of the human condition.

The aim of this project is to offer an anthropological perspective on the diversity of trans experiences, contributing to the knowledge of an area that remains underexplored. In addition, it will place emphasis on the importance of personal and community rites as tools for strengthening the agency of trans people.

Introdución

Este Traballo de Fin de Grao propón unha análise antropolóxica dos ritos de pasaxe e da liminalidade vinculadas ás experiencias das persoas trans, cun foco específico nos homes trans e nas transmasculinidades. Os ritos de pasaxe son prácticas culturais que acompañan o tránsito entre distintas etapas vitais, sociais ou temporais. A partir da proposta teórica de Van Gennep (1909/1960), exploraremos as fases de separación, transición e agregación co fin de comprender como estes procesos son vividos e interpretados polas persoas transmasculinas, tanto nas súas dimensións sociais como médicas.

Como persoa transmasculina e non binaria, en pleno proceso de transición, parto dunha posición que é á vez política e experiencial, co propósito de xerar coñecemento desde as marxes, para as marxes. Recoñezo que toda investigación está atravesada pola perspectiva de quen a realiza, e neste caso, a implicación vital é tamén unha ferramenta analítica que permite un achegamento ás realidades estudadas con sensibilidade e compromiso. Baixo este enfoque, procuro contribuír ao empoderamento da comunidade transmasculina, creando espazos onde as nosas voces e experiencias poidan ser recoñecidas como saberes válidos e nós como suxeitos, non sempre meros obxectos.

O proxecto está estruturado a través de dúas partes que dialogan entre si. En primeiro lugar, unha análise cualitativa baseada en entrevistas semiestruturadas de final aberto que recollen os relatos de tres persoas con perfís diversos: o Ares Piñeiro López (1972), o Éric Dopazo (1993) e o Shiloh Shakin (2006)¹. Esta perspectiva interxeracional permite identificarmos elementos rituais e simbólicos, tanto compartidos como contrastantes, e achega unha visión ampla dos significados que acompañan as transicións transmasculinas na actualidade.

En segundo lugar, en paralelo á investigación escrita, desenvolvemos o podcast *Um T com Nee*, concibido como unha extensión práctica e creativa da análise antropolóxica. A través dun enfoque próximo á autoetnografía, o podcast recolle en primeira persoa a experiencia da transición hormonal do investigador, ao tempo que explora ritos de pasaxe de diferentes culturas do mundo. Así, este proxecto sonoro establece un diálogo entre a vivencia trans e os procesos rituais de diversas

1 En antropoloxía é común anonimizar os testemuños con nomes ficticios. Non é o caso deste TFG, pois os tres entrevistados son activistas trans de xeito público. Eles mesmos deron o seu consentimento (ver apéndice IV) e mostraron interese en apareceren cos seus nomes reais. Ademais, incluílos así permite que, quen lea o traballo, poida coñecer mellor os seus percorridos buscando outras investigacións, palestras, artigos xornalísticos e nos seus traballos. Tamén é unha forma de honrarmos os seus nomes, escollidos por eles mesmos, chave da súa identidade.

sociedades, evidenciando que a transición é unha realidade compartida e constitutiva da condición humana.

Cómpre salientar que o desenvolvemento deste TFG coincidiu temporal e simbolicamente coa transición hormonal do autor, feito que lle outorga unha dimensión vivencial. Tanto as entrevistas como o podcast e a propia escrita deste traballo foron atravesadas pola experiencia corporal e emocional do tránsito. Neste sentido, non é só unha análise de ritos de pasaxe: é tamén, en si mesmo, un rito de pasaxe. Un proceso de transformación no cal coñecemento, corpo e identidade aparecen entrelazados: unha ferramenta de empoderamento persoal e colectivo.

Con este traballo, queremos contribuír ao coñecemento académico das diversas vivencias transmasculinas desde unha óptica antropolóxica, destacando a relevancia dos rituais persoais e colectivos como ferramentas de axencia e afirmación dentro das comunidades trans. Así mesmo, pretendemos ampliar o uso de ferramentas antropolóxicas clásicas para a interpretación de realidades actuais infraestudadas por esta ciencia.

Para unha mellor comprensión deste TFG, definimos a continuación catro conceptos chave que vertebran o seu enfoque teórico e metodolóxico: rito de pasaxe, liminalidade, transición e transmasculinidade.

Os **ritos de pasaxe** son cerimoniais ou prácticas culturais que marcan o paso dunha persoa ou comunidade dun estado vital ou temporal a outro (por exemplo, da infancia á idade adulta ou da solteiría ao matrimonio). Segundo Van Gennep (1909), constan de tres fases: separación ou ritos pre-liminais (abandono do estado anterior), transición ou ritos liminais (o proceso de mudanza) e agregación ou ritos pos-liminais (incorporación ao novo status recoñecido socialmente, xuntanza da comunidade e fortaleza dos vínculos).

Liminalidade é un termo conceptualizado por Arnold van Gennep (1909) e posteriormente desenvolvido por Victor Turner (1967). Fai referencia ao estado intermedio dun proceso de mudanza, onde a persoa abandona un status anterior mais aínda non adquire plenamente o novo. É unha fase ambigua, onde as normas son quebradas e emerge a posibilidade de transformación. No caso das persoas trans, a liminalidade pode aparecer manifestada en múltiples dimensións: corporal, social, legal, emocional...

Transición designa o proceso de mudanza que atravesan as persoas trans para acomodar a súa identidade de xénero coa súa expresión en sociedade ou co seu corpo. Pode implicar transformacións sociais (como o uso dun novo nome ou pronomes), médicas (como tratamentos hormonais ou intervencións cirúrxicas) e emocionais. Non é unha etapa única nin lineal, senón un conxunto complexo de decisións, desexos e circunstancias que varían segundo cada persoa e contexto. Tal como sinala Stryker (2008), o que define realmente a experiencia trans non é o destino ao que se chega nin a forma específica da transición, senón o movemento a través dunha fronteira social imposta, desde un punto de partida non escollido. Como explica Platero Méndez (2014),

Se suele usar el término «transición» para señalar el proceso por el cual una persona abandona el sexo asignado en el nacimiento, eligiendo cómo presentarse en términos de identidad de género. La transición es un proceso individual, con tiempos propios y necesidades ligadas a cada persona en particular. Se refiere a un tiempo de duración indefinida, por el cual una persona deja de ser identificada exclusivamente por el sexo asignado en el nacimiento. A veces supone un viaje de un sexo a otro. Otras veces supone no llegar a ningún destino dentro de los dos género más reconocidos socialmente. Para algunas personas, la transición es un proceso con varias etapas, no siempre inteligibles para el resto. (p. 82)

Finalmente, **transmasculinidade** é un termo que engloba o conxunto de identidades daquelas persoas que foron asignadas como mulleres ao nacer, mais que na actualidade se identifican parcial ou totalmente co espectro masculino. Este concepto inclúe tanto homes trans como persoas non binarias que viven ou expresan unha masculinidade propia. A transmasculinidade non constitúe unha identidade única nin uniforme, senón un espazo diverso onde son construídas corporalidades, afectos e formas de estar no mundo alén da cisnorma. Podemos entón, resumilo como:

Trans-masculinities is a provisional umbrella term we apply to those who challenge the naturalness of gender as emanating from the sexed codification of bodies, whether they identify as transsexual, transgender or gender variant within the masculinity spectrum, such as genderqueer, non-binary, gender fluid, among other designations (Aboim & Vasconcelos, 2021, p. 21²).

2 Páxina referida ao manuscrito orixinal.

1. Obxectivos e metodoloxía

1.1. Obxectivos

Este traballo ten como obxectivo ampliar o marco teórico e metodolóxico para o estudo das transmasculinidades, cunha investigación situada, realizada desde dentro. Pretende xerar coñecemento desde as marxes, para as marxes, contribuindo ao empoderamento da comunidade transmasculina, creando espazos onde as nosas voces e experiencias poidan ser recoñecidas como saberes válidos e nós como suxeitos, non sempre meros obxectos.

Ao mesmo tempo, pretendo explorar se categorías clásicas da antropoloxía, como os ritos de pasaxe e a liminalidade explorados por Van Gennep (1909) e Turner (1967, 1969), poden ser útiles para comprender as transicións de xénero. Estes conceptos foron utilizados para analizar procesos de mudanza en diversos contextos, mais raramente foron aplicados ás vivencias das persoas trans. Revisitarmos estas ferramentas cunha ollada crítica e contemporánea pode achegar novas chaves para interpretarmos procesos que, se ben teñen especificidades propias, tamén dialogan coas transformacións que toda persoa humana experimenta.

Este estudo está baseado en entrevistas en profundidade a tres persoas transmasculinas con perfís moi distintos. En primeiro lugar, o Éric Dopazo, un home trans galego na trintena, residente en Ourense. En segundo lugar, o Ares Piñeiro, un home trans de máis de cincuenta anos, nacido no País Vasco e vinculado á Galiza como lugar de orixe e vacacións. Por último, o Shiloh Shakin, unha persoa non binaria transmasculina nacida en Rusia que actualmente reside entre Ourense e Pontevedra e aínda non chega á vintena. A través dos tres relatos, pretendo visibilizar a diversidade interna das transmasculinidades. Lonxe de buscar unha definición única, o interese recae en analizarmos se, malia as diferenzas, existen elementos comúns que permitan pensar as transmasculinidades como un grupo cultural.

Por último, un dos obxectivos transversais é abriremos novas vías para a xestión cultural a través dunha empatía entendida non como compaixón pasiva, senón como ferramenta activa de conexión. Esta forma de empatía parte do recoñecemento de que, dalgún xeito, todes estamos en tránsito: medramos, mudamos, reinventámonos. Entendermos as experiencias trans como outra forma máis de transformación vital, como ritos de pasaxe, permítenos unha aproximación desde o reflexo e non desde o estrañamento: como quen se mira noutra pel e recoñece algo propio. A idea de que todas as

persoas transitamos dalgún xeito permite humanizarnos as experiencias trans sen trivializalas, e recoñecermos nas vidas das persoas transmasculinas a mesma complexidade, riqueza e dignidade que en calquera historia humana.

1.2. Metodoloxía

Para analizarmos as tres experiencias vitais, empregamos unha metodoloxía cualitativa baseada en entrevistas semiestruturadas de final aberto. Esta técnica combina un guión de temas predefinidos coa flexibilidade necesaria para que a conversa flúa segundo os intereses e tempos de cada persoa entrevistada. Seguimos o enfoque proposto por Hammer e Wildavsky (1990), quen destacan esta técnica como unha ferramenta útil para explorar experiencias subxectivas en profundidade. Non consiste na aplicación dun cuestionario estandarizado e cuantificábel, senón na creación dun espazo de diálogo onde o importante non é tanto o que se pregunta, senón o que se comparte, a subxectividade (Tonon 2009). Neste caso, o obxectivo principal foi construír un ambiente amábel, onde quen participa sentise confianza e comodidade para falar das súas vivencias sen medo a ser xulgado, cuestionado ou malinterpretado. Traballar con persoas trans implica recoñecer que moitas veces adaptan o seu discurso para facelo máis "aceptábel" ante interlocutores cis³, como resposta á violencia e ao estigma acumulados. Por iso, foi fundamental priorizar os límites, a autonomía e o benestar das persoas entrevistadas. Neste sentido, o feito de que quen realiza a investigación sexa tamén unha persoa transmasculina non binaria contribuíu a crear unha atmosfera de horizontalidade, onde a conversa foi desenvolvida como un encontro entre iguais e non como unha exposición ante un observador externo.

As entrevistas tiveron unha duración aproximada de entre unha hora e hora e media. Foron realizadas de forma presencial sempre que foi posíbel, aínda que no caso do Ares Piñeiro tivo lugar a través dunha videoconferencia por razóns médicas. Antes de cada entrevista, o obxectivo da investigación, as temáticas e as condicións de participación eran explicadas con detalle, abrindo espazo para preguntas. As persoas entrevistadas asinaron un consentimento informado (apéndice IV) onde aceptaban, de maneira voluntaria, que a entrevista fose gravada en audio, transcrita na súa totalidade e incorporada ao TFG. A transcripción completa de cada entrevista foi realizada posteriormente seguindo o criterio de Toron (2009): como un continuo, mantendo a fidelidade ás

3 "Cis" é unha abreviatura de "cisexénero", palabra usada para describir unha persoa que si se identifica co xénero que lle asignaron ao nacer. É o contrario a "trans".

palabras orixinais expresadas por cada persoa e aos seus xeitos de falar, pois estes constitúen tamén información valiosa. Ao longo das entrevistas, foi fundamental manter unha actitude de escoita aberta e disposición a seguir camiños inesperados, na convicción de que moitas veces é nesas desvíos onde xorde a información máis relevante.

As persoas entrevistadas responden a tres perfís moi distintos, o que permite observar tanto as diferenzas internas e a riqueza das transmasculinidades como algúns posíbeis trazos compartidos. O Ares Piñeiro López é un home trans de 52 anos, secretario de Errespetuz, asociación vasca para a defensa e integración das persoas trans. Comezou a súa transición na trintena, mais leva desde pequeno reclamando ser tratado como Ares. A súa familia é de Sarria, e adoita pasar os veráns na Galiza, aínda que para el o rural galego supón un espazo de opresión. O Shiloh Shakin, pola súa parte, é unha persoa transmasculina de xénero non binario de 19 anos. Naceu en Rusia, mais reside en Ourense desde os 16 anos. Foi ao chegar aquí cando puido saír do armario e iniciar un proceso de hormonación con testosterona, polo que a súa visión da Galiza contrasta coa do Ares. Non ten DNI que recoñeza a súa identidade, e a súa residencia legal tampouco reflicte quen é. Para el, a transición non é algo fixo ou unha mudanza puntual, senón un proceso continuo e aberto. Finalmente, o Éric Dopazo é un home trans de 32 anos, nacido e residente en Ourense. Desde neno expresaba que era un rapaz, e arredor dos 15 anos descubriu a palabra "trans", aínda que non foi até os 22 cando saíu do armario. Traballa como músico, limpador e educador en diversidade en escolas, combinando profesión e activismo. A través destes tres relatos, que atravesan diferentes xeracións, contextos e vivencias, a investigación busca mapear os procesos de tránsito nas transmasculinidades e avaliar se o marco dos ritos de pasaxe pode ser unha ferramenta útil para comprendelos.

A raíz desta investigación foi desenvolvido o proxecto *Um T com Nee*, un podcast en lingua galega que combina o rexistro dunha transición coa divulgación sobre ritos de pasaxe de diferentes culturas. A través da gravación, edición e publicación periódica de episodios desde o inicio dun tratamento hormonal con testosterona, o podcast documenta a evolución da voz do autor do TFG ao tempo que propón unha reflexión sobre os procesos de transformación que forman parte da vida humana. Cada capítulo explica un rito de pasaxe concreto, contextualizándoo culturalmente e establecendo pontes simbólicas coa experiencia das persoas trans, poñendo de manifesto que todas as culturas, dun xeito ou doutro, experimentan transicións.

O formato do podcast está inspirado na preparación do té, xogando co duplo significado da letra "T" como testosterona e como bebida compartida. Cada episodio dura 25 minutos e está estruturado en

catro partes: tres minutos para ferver a auga e introducir o podcast, cinco para infusionar e falar das mudanzas da transición de Nee, quince para tomar o té explorando un rito de pasaxe e dous para recoller e fechar todo. Esta división permite establecer un ritmo pausado e íntimo, que convida a quen escoita a acompañar o proceso como se estivese tomando unha caneca de té con quen fala e convertendo cada nova entrega nun ritual en si mesma. A elección deste formato busca afastarse da velocidade e agresividade presentes en moitas dinámicas dixitais, xa analizadas en estudos como o de Sánchez-Sánchez, Ruiz-Muñoz e Sánchez-Sánchez (2024). Como estas autorías afirman: "Homophobia or transphobia on social media is a serious problem that can cause harmful and unwanted content to flourish on online platforms, while aiming to eliminate equality, diversity, and social inclusion" (p. 211). En contraste, *Um T com Nee* pretende ofrecer un espazo de calma e coidado onde é posíbel sensibilizar sobre as realidades trans desde a proximidade e a empatía.

Desde o punto de vista metodolóxico, cada episodio parte dunha fase previa de investigación centrada en fontes académicas, divulgativas e testemuños en primeira persoa, co obxectivo de comprender o contexto simbólico e social de cada rito de pasaxe. A información recompilada é sintetizada nun guiión estruturado que busca equilibrar o rigor co atractivo narrativo, apoiándose na teoría clásica de Van Gennep (1909) como ferramenta interpretativa, mais sen caer nun enfoque reduccionista. O proceso combina investigación, escrita, locución e edición sonora, dando lugar a unha práctica cultural situada onde a divulgación antropolóxica se entrelaza coa autorrepresentación.

Um T com Nee inclúe música de diferentes culturas e referencias bibliográficas que sosteñen o contido teórico de cada episodio. Ao tratar temas como o Samhain, os solsticios ou ritos de pasaxe doutros pobos, o podcast contribúe a visibilizar as persoas trans como suxeitos culturais e non como excepcións, reforzando a idea de que todas as persoas atravesan momentos de tránsito e transformación ao longo das súas vidas. Deste modo, o podcast complementa a investigación escrita, ofrecendo un rexistro alternativo, sensíbel e accesíbel que dá continuidade aos obxectivos centrais do TFG de xeito divulgativo.

Ademais, acadou un recoñecemento notábel no ámbito da creación dixital en galego ao ser seleccionado como finalista do Premio á Creación Dixital Galega no Carballo Interplay 2025, na categoría de "Mellor Canle"⁴. Este feito subliña tanto a calidade do proxecto como a súa relevancia

4 "O Carballo Interplay anuncia os doce finalistas para os seus Premios a contido dixital en galego". *Carballo Interplay*, 11 mar. 2025, <https://carballointerplay.com/o-carballo-interplay-anuncia-os-doce-finalistas-para-os-seus-premios-a-contido-dixital-en-galego/>.

no panorama cultural actual. Como proxecto desenvolvido en paralelo á investigación escrita, *Um T com Nee* consolídase como produto cultural autónomo. Neste sentido, exemplifica o potencial da creación sonora como ferramenta de xestión cultural, partindo dunha base etnográfica centrada en narrativas minorizadas e transformando o coñecemento xerado e recompilado nun contido divulgativo, accesíbel e culturalmente situado.

2. Contidos

Os contidos deste traballo están divididos en dúas seccións. En primeiro lugar, elaboramos unha análise das entrevistas aos tres perfís de persoas transmasculinas. Para isto atendemos a diferentes apartados relativos ás súas transicións: definicións, ritos de pasaxe roubados e non-pertenza ás comunidades, descubrimento da identidade trans, nome, roupa, saída do armario, mudanzas do corpo, da sexualidade, da documentación e des outres. Todo relacionado cos conceptos dos ritos de pasaxe e a liminalidade de Van Gennep (1909) e Turner (1967, 1969). En segundo lugar, incorporamos un esquema cos 14 episodios dispoñíbeis do podcast *Um T com Nee* no momento da entrega deste TFG. Esta relación inclúe unha pequena descrición de cada un, a duración, data da publicación e ligazón.

Nos últimos anos estamos a vivir un momento chave na visibilidade das persoas trans no Estado español, impulsado pola aprobación da chamada Lei Trans en 2023, a cal recoñeceu o dereito á autodeterminación de xénero e xerou un amplo debate público. Isto trouxo unha maior presenza mediática e social do colectivo, mais tamén reaccións adversas que cuestionaron a lexitimidade das identidades trans. Este traballo non pretende centrarse no debate nin responder á exigencia externa de xustificarnos. O contido deste TFG está apenas centrado na análise e difusión de vivencias, relatos e saberes, quebrando a lóxica da autoxustificación e colocando o foco na riqueza das transicións e das experiencias transmasculinas.

2.1. Análise das entrevistas

2.1.1. As definicións

Un dos primeiros aspectos tratados nas entrevistas foi a identidade de xénero das persoas participantes. O xeito no cal cadaquén define e expresa a súa identidade ofrece información sobre a súa experiencia vital, e tamén serve como ferramenta de análise antropolóxica. A pregunta pola identidade ten, ademais, unha dimensión ética: coñecela e respectala é básico para establecer unha entrevista coidadosa e segura para a persoa entrevistada. Xunto coa identidade, preguntamos tamén polos pronomes, o xénero gramatical co cal cada persoa prefería ser referida. A reivindicación duns

pronomes concretos forma parte da autodeterminación, e a súa utilización correcta por parte das demais persoas é unha mostra de respecto e recoñecemento.

No caso do Éric Dopazo e o Ares Piñeiro, ambos identificáronse como homes trans e afirmaron empregar pronomes masculinos. Porén, cada un expresouno dunha maneira que reflicte matices xeracionais e culturais. O Ares definiuse como "home transexual", unha expresión que foi habitual nas xeracións anteriores e que moitas persoas trans hoxe rexeitan por estar ligada a visións médicas e patoloxizantes. Esta etiqueta establece unha distinción entre persoas "transexuais" (aquelas que realizan mudanzas médicas no corpo) e persoas "transxénero" (que non o fan), unha división cada vez máis cuestionada polos activismos contemporáneos. Como explica Missé (2013, p. 12) sobre a palabra transxénero: "este concepto emerge de los movimientos trans norteamericanos de los años ochenta en oposición a la categoría médica *transexual*, y a menudo está relacionada con una crítica al sistema binario hombre-mujer". O Ares puxo o acento na palabra "hombre", e só engadiu "transexual" porque, nas súas palabras, "no me ha tocado otra" (1:44)⁵. No caso do Éric, ademais da identificación como home trans, salientou o uso do pronome "il", variante dialectal propia da súa zona. Esta elección mostra como a identidade de xénero tamén se constrúe no cruce con outros eixos, como o territorio e a lingua. A reivindicación dun pronome local é, á vez, un acto de autoafirmación e de resistencia cultural. Por outro lado, o Éric identifica dous momentos chave na súa vida, separados pola transición como punto de inflexión, como rito de pasaxe. El mesmo di: "Si, creo que eu fun persoas distintas, claro. Creo que, durante mitá da miña vida fun un proxecto de min e que agora podo ser eu" (02:35). Porén, tamén define a súa transición como "un proceso" que "terminará cando morra" (04:29), sempre inconcluso.

A terceira persoa entrevistada, o Shiloh Shakin, ofrece unha perspectiva distinta. Defínese como persoa non binaria, dentro do paraugas das transmascunidades. Usa pronomes masculinos, mais tamén acepta o neutro e, en momentos concretos, o feminino. El non describe a súa experiencia como unha mudanza puntual, con comezo e final definidos; senón como un proceso fluído, onde cada etapa vital implica unha nova forma de vivir o xénero. Nas súas propias palabras: "sempre son unha persoa cambiante. Non só respecto a xénero, pero tamén respecto a xénero" (3:54). Para el, a identidade non é un punto fíxo, senón unha exploración constante. Como expresa tamén: "cada fase da miña vida ten a súa versión da miña experiencia, o meu autoestima, como eu identificome a min hacia o mundo. Así que eu sempre cambio e no futuro tamén vou cambiar" (4:20).

5 O número entre parénteses despois de cada cita literal dunha entrevista indica o minuto no que comeza o fragmento correspondente na transcripción do apéndice. Non sinala o segundo exacto, senón o inicio do bloque onde aparece a cita, para que sexa máis fácil encontrala e consultar o contexto.

Cómpre ter en conta tamén que o xénero non é unha realidade fixa nin se expresa sempre do mesmo xeito, senón que é contextual e ten que ser repetida por estar incompleta, como defende Butler (1990). Neste caso podemos comprobalo vendo como a forma en que unha persoa se presenta depende do espazo, das relacións que establece e do nivel de seguridade ou confianza que sente. O Shiloh explica que non sempre revela toda a complexidade da súa identidade. A miúdo, especialmente en contornas onde non sabe se será ben recibido ou cando non ten suficiente confianza, limita a súa presentación a unha fórmula máis sinxela: "Nesto, normalmente, á xente digo que son rapaz" (18:28). Só en espazos que percibe como seguros ou ante persoas da súa confianza profundiza máis e comparte a súa vivencia como persoa non binaria. Esta estratexia responde a unha necesidade de protección fronte ao risco de discriminación, mais tamén amosa como a identidade é unha práctica relacional, que se adapta e negocia segundo as condicións do momento. Neste sentido, detectamos aquí o valor analítico da liminalidade, xa que o Shiloh habita unha identidade que non encaixa totalmente nas categorías normativas, mais tampouco se revela sempre como tal. A súa forma de presentarse varía entre o recoñecemento parcial e a complexidade interna, deixando ver a flexibilidade e a ambigüidade que caracterizan os tránsitos identitarios.

Estas tres formas de relatar a identidade permiten introducir o concepto de liminalidade, fundamental para este traballo. A liminalidade, segundo Van Gennep (1909) e posteriormente Turner (1967), é a fase intermedia dun rito de pasaxe: un momento de tránsito no que a persoa xa non pertence ao estado anterior, mais tampouco chegou completamente ao novo. É un espazo de ambigüidade, onde as normas son quebradas e aparecen posibilidades de transformación. No caso das persoas trans, esta liminalidade pode ser vivida a nivel corporal, social, emocional e simbólico. De feito, todas as persoas entrevistadas desafían, de maneiras distintas, o modelo binario de xénero que impera na sociedade occidental, baseado en dúas categorías opostas e mutuamente excluíntes (home/muller), cada unha asociada a características físicas, comportamentais e estéticas moi ríxidas.

O xénero pode ser entendido como unha fronteira: ambas son construcións culturais que teñen implicacións reais na vida das persoas, aínda que estean establecidas socialmente. Así, podemos tomar a comparación que usa Van Gennep (1909) para describir a experiencia da transición social como pasar dunha fronteira:

Territorial passages can provide a framework for the discussion of rites of passage (...) The frontier, an imaginary line (...) is visible (...) only on maps (p.15).

Whoever passes from one to the other finds himself physically and magico-religiously in a special situation for a certain length of time: he wavers between two worlds. It is this situation which I have designated a transition (p.18).

A existencia transmasculina fóra dos moldes preestablecidos revela as fendas do sistema de xénero, poñendo en evidencia que este non é natural nin universal, senón unha construción social que pode e debe ser cuestionada. Esta idea xa foi defendida por teóricas feministas desde Simone de Beauvoir (1949) até Judith Butler (1990, 1996). Neste sentido, a liminalidade non é só unha etapa persoal, senón que tamén conta cun potencial para desestabilizar normas e abrir novos imaxinarios. Isto conecta tamén co concepto do carnavalesco formulado por Mikhail Bakhtin (1965/1984), que fai referencia ao caos propio dos momentos liminais, onde a orde social é subvertida e os límites son eliminados. Nas vidas das persoas entrevistadas, esta subversión acontece non nun evento puntual, senón de forma cotiá: no uso dun pronome dialectal, nun corpo que non encaixa nos patróns hexemónicos, ou nunha identidade fóra dos marcos normativos.

Por resumir, podemos identificar dúas formas diferentes de relacionarse coa mudanza. Para o Éric e o Ares, o relato da identidade está marcado por un punto de ruptura bastante claro: un "antes" e un "despois" (ou varios) onde as expectativas impostas son desafiadas en favor da identidade propia. Porén, no caso do Shiloh, a súa transición non parece ter un punto de inflexión definido, senón que é descrita como un proceso aberto, en continua evolución. De todos os xeitos, ambos enfoques poden ser lidos desde a liminalidade: ben como un paso puntual por ese espazo intermedio, ben como unha forma de habitalo de maneira prolongada, desafiando a lóxica do definitivo.

2.1.2. Os ritos de pasaxe roubados e a non-pertenza ás comunidades

Na maioría das sociedades, os ritos de pasaxe como a comuñón, as vodas ou os funerais, están marcados por categorías de xénero moi ríxidas. Estes momentos, pensados para celebrar a transición dunha etapa vital a outra (por exemplo, da infancia á adolescencia), acostuman estar atravesados por códigos simbólicos de feminidade ou masculinidade. Para moitas persoas trans, isto supón unha exclusión ou desaxuste profundo, xa que son forzadas a participar nestes ritos desde un lugar que non reconece quen realmente son. Isto xera vivencias de malestar, vergoña ou mesmo humillación, que impiden gozar plenamente da celebración ou do vínculo coa comunidade.

O Éric, por exemplo, relata como na súa comunión se viu obrigado a levar un vestido, algo que lle resultou tan incómodo que acabou por romper a roupa ante o piropo de "guapa" (10:29). Esta incomodidade non foi só física: era unha forma de violencia simbólica que o obrigaba a encarnar unha identidade feminina. Algo similar acontecía nas actividades extracurriculares, como tocar a gaita ou cantar nunha coral, que en principio eran espazos de socialización positivos. Porén, ao ter que vestir saia nos pasarrúas, nunca puido gozar plenamente da experiencia: "pero non solo a nivel físico ou temperatura", senón porque aquilo lle lembraba constantemente que a súa identidade non era recoñecida (11:00).

O Ares tamén viviu a súa comunión como un rito de pasaxe roubado (9:57). No seu caso, coincidiu coa voda da súa irmá, e ambes foron vestidas igual, con rizos no cabelo e vestidos de noiva. Aínda que el quería vestir de marinerito, non lle foi permitido. Mentres para moitas crianzas este pode ser un momento especial, o Ares cualifícao directamente de "horrible". A súa exclusión estendeuse tamén ao lecer: por ser lido como nena, non lle deixaban xogar ao fútbol nin cantar no coro de rapaces. Na súa casa, os roles estaban moi marcados: "en mi casa era o rosa o azul" (11:08). Así, el tiña que facer tarefas asociadas ao rol feminino como cociñar ou fregar, as cales vivía con malestar porque reforzaban a lectura social de que era unha rapaza.

Cómpre subliñar aquí un matiz importante: o Ares non é trans por rexeitar o rosa ou certas tarefas. De feito hoxe, como xa é recoñecido como home, leva rosa e fai traballos domésticos sen problema (11:08). A diferenza está en que agora non é unha imposición, senón unha elección propia desde unha identidade respectada. O malestar que sentía na infancia non viña do rosa nin da fregona, senón da negación da súa identidade de xénero.

O Shiloh, pola súa parte, tamén viviu experiencias similares en distintos contextos. En Rusia, o uniforme obrigatorio incluía saia e iso facíao sentir incómodo. Tamén no teatro era obrigado a interpretar papeis femininos, incluso cando os guións orixinais non o exixían (13:01). Estas imposicións non eran simples eleccións estéticas: eran lecturas sociais que o encadraban nun rol de xénero que el non recoñecía como propio. Isto fixo que, durante moito tempo, as saias fosen para el símbolo desa imposición. Porén, agora, grazas ao tratamento hormonal con testosterona, que lle permitiu modificar a súa aparencia e ser lido socialmente doutro xeito, puido reconciliarse con certos elementos estéticos, como a saia: "no momento que puider, xa descartei as faldas, aínda que agora cheguei á parte onde puider volver a experimentar con elas" (33:29). Esta reapropiación non

é menor: mostra como a identidade de xénero recoñecida socialmente pode transformar a relación que unha persoa ten co seu corpo, coa roupa e co mundo.

En todos estes casos, a exclusión dos ritos de pasaxe e da pertenza plena ás comunidades leva a moitas persoas trans a non teren unha infancia libre nin a oportunidade de participar de xeito pleno nas tradicións culturais da súa contorna. Este fenómeno pode ser pensado como unha forma de infancia roubada, onde a imposición do xénero asignado elimina as posibilidades de vivencia auténtica e de conexión coas demais persoas. Isto conecta coa idea das temporalidades queer, expresada por Halberstam (2005): "queer uses of time and space develop, at least in part, in opposition to the institutions of family, heterosexuality and reproduction" (p. 1). O propio Éric expresa: "sinto que me roubaron a adolescencia (...) Como que me costa moito, teño unha autopercepción super distorsionada, porque de repente teño como un neno interior super presente, un neno que non puido ser" (40:27). A forza destas narrativas mostra como as identidades trans negocian espazos, símbolos e momentos que para outras persoas veñen dados de maneira automática.

2.1.3. O descubrimento da identidade trans

A palabra "trans" é un termo paraugas que aparece para referirse "a las trayectorias vitales de las personas que viven en un género que no es el que les ha sido asignado al nacer, independientemente de si se han sometido o no a modificaciones corporales" (Missé 2013, p. 14). Figuras fundamentais no entendemento destas realidades, como Stryker (2008), definen as persoas trans como "people who move away from the gender they were assigned at birth, people who cross over (trans-) the boundaries constructed by their culture to define and contain that gender" (p. 1).

No caso das tres persoas entrevistadas neste traballo, o xénero atribuído que rexeitaron, que non os representaba, foi o de muller. A conciencia de que esa asignación non se correspondía co seu sentir chegou a través de camiños diversos, marcados polos tempos, espazos e, sobre todo, pola presenza ou ausencia de referentes. Decatarse de que unha identidade trans é posíbel require algo máis que incomodidade ou desaxuste: exige ter acceso a linguaxes, imaxes e experiencias que permitan nomear o que acontece. Sen esas ferramentas simbólicas, o proceso de autoconecemento é moito máis complexo. Como defende Duval (2021) "si el sujeto se piensa como se piensa, eso es,

precisamente, porque ha llegado a descubrirse de esa manera a través de una economía política muy concreta y de relaciones geopolíticas precisas" (p. 52).

No caso do Shiloh, esta toma de conciencia está atravesada pola liminalidade. Desde pequeno, sentía que algo non encaixaba, mais non tiña palabras nin modelos para expresar esa vivencia: "si que tiven algo así dende a infancia, pero non tiven palabras para expresalo, ni nada" (8:14). Mesmo antes de ter un vocabulario claro, xa adoptaba apodos neutros en ruso, anticipando unha identidade que non se deixaba reducir ao binario home-muller. Foi en internet, con 14 ou 15 anos, onde comezou a experimentar con outros xéneros gramaticais e a identificarse como trans; mais recoñece que a experiencia non foi un punto de inflexión claro, senón un proceso gradual: "houbo un momento onde dixen 'son trans', pero claro, foron moitas experiencias do antes e moito do despois de descubrindo esta experiencia" (11:58). A súa chegada a España, aos 16 anos, marcou o momento en que a identificación se trasladou ao plano da vida real, mais a exploración previa en espazos dixitais foi fundamental para construír ese camiño.

O Ares tamén expresa un sentimento de certeza desde a infancia: "yo pedía en casa por Reyes, siempre un pitilín y un Scalextric y siempre me identificaba como niño" (6:18). A súa identidade era clara, mais faltáballe o nome para explicala. De feito, non coñecía o termo "trans" (7:37), e durante moito tempo non soubo como situarse dentro do marco social dispoñíbel. Foi xa próximo aos trinta anos, nunha consulta cun sexólogo, cando coñeceu a palabra que nomeaba aquilo que el xa sabía de si mesmo (8:19). Antes diso, só tiña referentes mediáticos de persoas trans, sempre mulleres e ligadas ao mundo do espectáculo. A falta de referentes próximos e diversos fai que a posibilidade de nomearse tarde en aparecer, ou mesmo pareza inexistente. Sen nomes, sen representacións diversas, non hai espazo simbólico para habitar. Como defende Missé (2013): "las personas trans se construyen en relación con aquello que conocen, exactamente como el resto de la gente" (p. 53).

No caso do Éric, tamén houbo sinais temperás dunha identidade disonante co xénero asignado. Quería ser profesor de inglés, en masculino, cando medrase (07:14), pedía á súa nai que o chamase cun nome de neno (06:58), e preguntaba por que o seu primo tiña pene e el non. A pesar destas pistas, non foi até os 13 anos que coñeceu o caso de Thomas Beatie, un home trans que quedara embarazado. Este caso mediático foi fundamental: Beatie abriulle a posibilidade de imaxinarse a si mesmo doutra maneira. A través dese espello inesperado, o Éric descubriu outras formas de vivir o xénero, e que algunhas delas se parecían á súa. A representación audiovisual tamén xogou un papel importante: series como *The L Word* ou persoas que explicaban as súas vivencias na internet

déronlle acceso ás palabras e ideas que lle permitiron investigar e, máis adiante, identificarse e empoderarse (07:29). McLaren, Bryant e Brown (2021) destacan no seu estudo que a representación mediática respectuosa e acertada das persoas trans é esencial para desestabilizar as normas de xénero. Ademais, Platero Méndez (2014) explica que "Para las personas trans* y sus familias, las tecnologías están permitiendo no sólo buscar información, sino también encontrar espacios donde poder compartir con otras personas sus vivencias y generar debates importantes sobre cómo representarse y pensarse a sí mismas" (p. 23).

Porén, non todos os referentes audiovisuais son positivos: o Éric reconece que, de pequeno, se sentía "super sucio, e malo, e desviado" (07:29). A única figura trans visíbel para el era La Veneno, da que "se rían na tele en prime time" (08:11), e na cal non se vía reflectido. A súa vivencia lembra á do Shiloh: en ausencia dun entorno seguro ou dun discurso validante, internet foi para eles un espazo liminal onde experimentar e investigar sen as consecuencias da exposición pública. A rede permite nomearse sen se nomear, probar identidades e habitar o xénero desde a proba, a exploración e o anonimato.

As experiencias do Shiloh, o Ares e o Éric teñen en común esta dimensión liminal e non lineal do proceso de identificación como persoas trans. Non relatan unha revelación repentina, senón un proceso gradual, moitas veces silencioso, atravesado por probas e interrogantes. Podemos resumir así que a posibilidade de se recoñecer como trans non depende só dunha verdade interna, senón tamén dun contexto cultural que facilite o nomeamento, o recoñecemento e a habitabilidade desa identidade. A falta de vocabulario, a escaseza de modelos diversos e a exposición limitada a narrativas trans complexas e humanas dificultan ese proceso. O Ares sabía que era un neno, mais non sabía que iso tiña un nome. O Shiloh sentía un malestar, mais non tiña linguaxe nin referentes para entendela. O Éric recoñecía no masculino, mais só cando viu a vida de Thomas Beatie puido comezar a imaxinarse como posibilidade real. O acceso a referentes non só permite nomearse, senón tamén deixar de sentirse "desviado", como di o Éric (07:29), ou "sen palabras", como vivía o Shiloh (08:14).

2.1.4. O nome como aspecto central

Os nomes propios son un elemento central na construción da individualidade, e o propio Van Genep (1909) argumenta que os rituais de nomear as crianzas serven para incorporalas na

sociedade. Isto continúa a ser certo para as experiencias das persoas trans, sobre todo porque a maioría de nomes teñen unha forte carga de xénero. Por todo isto, escoller un novo nome ou experimentar con nomes neutros adoita ser un dos primeiros pasos nos procesos de transición, tanto a nivel íntimo como social. A elección dun nome propio permite as persoas trans saír do armario, definirse fronte á sociedade e detectar quen as apoia. Así, este é máis que unha palabra: é unha parte fundamental da identidade. Como expresa Platero Méndez (2014):

Si nos fijamos ahora en las acciones sociales que están resultado más importantes para reducir las conductas de autorechazo y autolesivas en la infancia y juventud trans*, que tienen una relación directa con su bienestar, son aquellas que permiten el reconocimiento en el sexo y género elegido (...) La aceptación y el reconocimiento requieren una voluntad expresa, aluden a unos pocos e importantes cambios en las instituciones, como (...) llamar a las personas por su nombre elegido. (p. 60)

O Shiloh, por exemplo, xa empregaba en Rusia alcumes neutros antes de escoller o seu nome actual. Durante un tempo usou Jenya (Женя), o cal non presenta marca de xénero, e isto permitíalle vivir en sociedade con maior comodidade sen saír do armario (9:46). A súa experiencia mostra que non todas as transicións seguen unha liña clara e definitiva: moitas persoas experimentan con nomes e identidades antes de encontrar aquilo co que realmente se senten cómodas. Tamén é relevante lembrar que a diversidade cultural condiciona estas decisións: no caso do Shiloh, os apelidos rusos tamén teñen xénero, polo que mudar o nome implica tamén modificar o apelido para que sexa coherente coa identidade propia (39:57). Este detalle, que pasa desapercibido en contextos como o galego, deixa ver a importancia da interseccionalidade e da diversidade nas investigacións sobre experiencias trans. Non podemos falar das transición dun xeito universal sen ter en conta os contextos culturais específicos. Como defendeu Crenshaw (1989) na súa conceptualización da interseccionalidade: "This focus on the most privileged group members marginalizes those who are multiply-burdened and obscures claims that cannot be understood as resulting from discrete sources of discrimination". (p. 140)

Por outro lado, o nome "Shiloh" chegou a través da busca dun nome andrógino para unha personaxe de cómic, e rematou sendo adoptado na vida real pola conexión emocional que desenvolveu con el. O feito de que o nome tivese raíces xudías, como el, tamén influíu na súa elección. É significativo que o Shiloh manifeste sentirse máis conectado co seu nome que cunha identidade de xénero fixa: afirma que o nome é o único que ten claro, mentres que o seu xénero pode experimentar variacións (22:04).

O Ares tamén mostra unha relación intensa co nome. Desde pequeno non respondía ao nome que lle fora imposto ao nacer. Antes de saber que era trans, pedía que o chamasen Ares, como o personaxe de debuxos animados da serie *Ulises*, por sentirse identificado con el (29:51). Como ninguén lle facía caso, acabou recorrendo a un alcume neutro: Pi, de Piñeiro. No seu caso, sociedade negáballe a posibilidade de habitar plenamente a súa masculinidade, forzándoo a permanecer nun espazo liminal que, aínda que disidente, era máis tolerado como única vía de escape.

No caso do Éric, o seu nome non foi escollido inicialmente cunha gran carga simbólica, aínda que si barallou outras opcións como Edgar (23:55). Sendo neno, aínda identificado como nena pola sociedade, alguén o "confundi" cun home, e aquilo provocou risas no seu grupo de amizades. Comezaron entón a chamalo Edgar, nun xogo aparentemente inofensivo, mais que foi para el unha oportunidade de habitar unha identidade diferente (24:34). A brincadeira abriu un espazo de experimentación onde, co humor, puido existir con menos presión. Anos despois, en espazos seguros, comezou a probar co nome Éric e, ao callar, decidiuse por el.

A adopción e o uso social dun novo nome tamén está marcada por momentos simbólicos que reforzan a súa lexitimidade. O Shiloh relata que colocou o seu novo nome en todas as redes sociais como primeiro paso para facelo público (23:52). No caso do Éric, a mudanza de nome en Facebook tamén funcionou como saída do armario, permitindo amosar a súa identidade de xeito claro á súa contorna (26:03). Estes espazos dixitais funcionaron como escenarios liminais, pola falta de dimensión física concreta, onde a mudanza foi levada a cabo.

Tamén existen pequenos xestos de recoñecemento que teñen un gran valor emocional. Para o Shiloh, detalles como que lle regalasen un suadoiro co seu nome, que o seu nome aparecese no listado da escola ou que puidese escribilo nun exame, supuxeron momentos chave (23:52). Mención especial merece a lembranza do primeiro Nadal no cal a súa nai escribiu "Shiloh" nos agasallos, un xesto aparentemente pequeno que para el foi fundamental no camiño da aceptación (49:48). No caso do Éric, estes mesmos xestos foron un punto de apoio mais tamén de tensión: a súa prima escribía o seu nome nos presentes de Nadal mesmo cando o resto da familia aínda non o aceptaba (1:09:13). Ese mesmo nome aparecía en pezas de madeira, en luces, en colgadores de chaves... Agasallos de familiares que funcionaban como chaves simbólicas de validación e acompañamento nun contexto hostil, e que eran pequenos ritos de pasaxe que integraban a "nova" identidade na comunidade. O Ares, pola súa banda, celebrou a mudanza legal do nome cunha tatuaxe feita co

diñeiro que lle regalara a súa nai. Este acto simbolizou, ao mesmo tempo, unha conquista legal, unha forma de marcar o corpo cun signo identitario e un xesto de aceptación (32:57).

Se analizamos estes procesos coa teoría dos ritos de pasaxe de Van Gennep (1909), podemos distinguir as tres fases tradicionais: separación, transición e agregación. A separación podería ser identificada no momento no cal as persoas deixan de responder ou rexeitan o nome imposto ao nacer. A fase de transición comprende a experimentación con alcumes ou nomes alternativos en espazos seguros, aínda sen recoñecemento legal ou social pleno. Finalmente, a fase de agregación é producida cando o nome novo é recoñecido polas institucións (como a escola ou o DNI), polos espazos dixitais ou pola propia comunidade. Os xestos de apoio familiar, os agasallos co nome novo ou as mudanzas nos documentos son rituais simbólicos que axudan a integrar a persoa na sociedade co seu nome real. A carga emocional e simbólica destes momentos evidencia o seu carácter de ritos de pasaxe, que non só afectan á vida íntima das persoas trans, senón tamén á súa posición social.

Resulta significativo tamén que ningunha das persoas entrevistadas mencionase durante a conversa o seu nome anterior, aquel que lles foi imposto ao nacer. Esta omisión funciona como un xesto simbólico de separación, en liña coa primeira fase do rito de pasaxe descrito por Van Gennep (1909). O nome anterior acaba por ser un vestixio dun pasado que xa non representa, e evocalo pode xerar incomodidade ou dor. Mencionar a unha persoa trans o seu antigo nome, o chamado *deadname* ou *necrónimo*, adoita ser considerado unha falta de respecto, pois supón ancorala nunha identidade que non é súa. Así, a súa exclusión tanto das entrevistas como da vida cotiá serve como un mecanismo de protección, afirmación e reivindicación da identidade actual. Esta práctica habitual nas comunidades trans reforza a idea de que os procesos de nomeamento están cargados de significado: deixamos atrás o que xa non somos para habitar con plenitude a nosa realidade.

2.1.5. A roupa como punto de transición

Na nosa sociedade, a roupa está fortemente codificada polo xénero. Como defende Stryker (2008): "We perform our social gender through our gender comportment, bodily actions such as how we use our voices, cross our legs, hold our heads, wear our clothes, dance around the room, throw a ball, walk in high heels" (p. 12). A cor da roupa, a forma, o tecido ou o tipo de prenda funcionan como marcadores sociais que nos levan a ler o xénero das persoas. Esta codificación, porén, non é natural nin inalterábel: é unha construción cultural. Por exemplo, na Galiza asumimos que unha saia e uns

tacóns son "roupa de muller"; mais noutras culturas (como na escocesa co kilt) ou noutras épocas históricas (como nos tacóns de Luís XIV) estas asociacións eran diferentes. A xente que sae destas expectativas é penalizada. Un home que leve saia hoxe na nosa cultura pode recibir burla ou violencia. E as persoas trans, que loitan polo recoñecemento da súa identidade, sofren unha presión constante para encaixar coas normas de xénero, tamén a través da roupa.

Neste contexto, a roupa acaba por ser unha ferramenta para a autoafirmación. Para moitas persoas trans vestir non é só unha cuestión de estilo, senón unha forma de sobrevivir e de ser lexíbeis como quen son. Así, é común que as transmasculinidades rexeiten prendas como a saia; non porque sexa inherentemente feminina, senón por rexeitar a imposición asociada con ela. Vestir pantalóns, cortar o cabelo ou usar calzóns acaban sendo xestos de liberdade. Aínda que Van Genneep (1909) non fálase especificamente das persoas trans, defendeu que "to cut the hair is to separate oneself from the previous world" (p.166). Ao mesmo tempo, moitas persoas trans xogan coas normas de xénero e subverten as expectativas, sobre todo cando se senten máis seguras nos seus corpos e son recoñecidas socialmente.

A roupa pode marcar un antes e un despois, ser un sinal de mudanza. Así foi para o Éric, quen describe o feito de comezar a usar calzóns como un punto de inflexión. Esa decisión, aparentemente pequena, fíxolle ver que merecía vivir cómodo e expresar quen era. Como di el mesmo: "foi como validarme e como empoderarme en: 'merezo comprar esto, merezo vestir esto'. Porque parecía que tiña que ter méritos para poder usar roupa ou para poder chamarme Éric. Cando a ningún home cis se lle pide un mérito para poder ser el" (01:15:12). Algo similar lle ocorreu ao Ares, que, ao ter o seu propio diñeiro entre os 14 e 15 anos, comezou a mercar os seus propios calzóns, marcando así o que describe como "el cambio más brutal" (01:04:07). Aínda así, tanto o Éric como o Ares destacan que non houbo unha mudanza radical e repentina no seu xeito de vestir: o Ares expresa que sempre foi "muy masculino vistiendo" e mesmo rompía as saias que lle compraba a súa nai (01:04:07). Hoxe, xa recoñecido como home, sente que é máis libre para xogar coa roupa e mesmo vestir camisolas rosas.

Esta evolución amosa unha realidade complexa: a roupa non define o xénero, mais moitas persoas trans senten a necesidade de cadrar nos estereotipos para seren recoñecidas e respectadas. No caso do Éric, conta que el "non puña vestidos (...) a non ser que me puxeran unha pistola na cabeza" (01:13:42), e lembra como a xente lle rifaba por supostamente querer chamar a atención. Con isto pon o foco na dobre vara de medir: ningún home é acusado de buscar atención por querer vestir

pantalóns. A performance do xénero é especialmente visíbel nas persoas trans, por estaren situadas nas marxes das normas sociais e facelo evidente mesmo sen quere-lo, como defende Butler (1993).

A mastectomía, como parte da transición médica, tamén tivo un impacto importante na relación das persoas entrevistadas coa roupa. Para o Éric, significou poder "vestirme como me gustaría" (01:11:41), sen medo a que unha camisola branca fixese que a xente o tratase cun xénero errado. Como di el, despois da operación podía usar esas prendas porque xa "non sentía que estivera comprometéndome a que alguen me puidera tratar en feminino" (01:12:23). A transición corporal permitiulle deixar de comprimir o peito, sentirse máis cómodo facendo deporte, estar menos á defensiva e mesmo reclamar o seu espazo: "empecei a poder ocupar máis espazo" (01:13:07). A mastectomía foi tamén un rito de pasaxe no caso do Ares. No día seguinte á operación, foi coa súa irmá a mercar "como 20 o 30 camisetas justas" (47:34). Esta compra simbolizou o comezo dunha nova etapa na cal xa non tiña que esconderse, podía deixar de encurvarse e comezar a habitar o seu corpo con orgullo: un rito de pasaxe.

Outros relatos, como o do Shiloh, amosan unha transición máis fluída e continua. Para el, a roupa foi unha ferramenta de autoexpresión desde moi novo. Xa aos nove anos xogaba coa roupa e co peiteado (32:39). Nun primeiro momento rexeitou as saias pola imposición, mais hoxe, máis cómodo na súa presentación ao mundo en parte grazas á testosterona, volve experimentar con elas. O peito tamén foi un tema central, e durante anos aplanábao, igual que fixeron o Éric e o Ares. A roupa, no seu caso, foi tamén un espazo de creatividade e subversión: como a súa familia era moi estrita e non lle compraban a que el quería, tiña que facelo co seu propio diñeiro ou modificar el mesmo as prendas.

Por outra parte, a maquillaxe, tradicionalmente vista como feminina, foi para o Shiloh outra ferramenta de expresión. Experimentou con ela para masculinizar a cara, xogar coas proporcións e mesmo chegou a considerar dedicarse a esta arte. Así, subverteu os roles rachando coa imposición, resignificando a maquillaxe como xogo e alegría. Neste sentido, afirma que as subculturas alternativas (punk, gótica, drag) son espazos onde a subversión de xénero está normalizada e celebrada (53:04). Nese contexto, tanto a roupa como a maquillaxe deixan de ser caixas fechadas e ríxidas para se converteren en lugares de liberdade, onde tamén hai moita pegada da historia do colectivo LGBTIQ+ (Stryker 2008).

Outro tema que aparece nas entrevistas é o destino da roupa unha vez que deixa de representar quen somos. Para o Éric, a roupa antiga ten un valor simbólico: garda unha bolsa de roupa interior como "recordatorio de que xa non estou aí" (01:15:49), e mesmo lle gusta ás veces vestir roupa de antes da mastectomía para ver a mudanza e integrala, como un pequeno ritual de pasaxe. No caso do Ares, só conserva o vestido da súa comunión porque a súa nai o gardaba, mais non lle atribúe un valor simbólico (01:07:56). Pola súa parte, o Shiloh gardou as saias para evitar ter que usalas e agora, que xa non lle serven, pensa en doalas (35:50).

En conxunto, estas experiencias amosan como a roupa pode funcionar como un rito de pasaxe. Nun sentido simbólico, o seu rexeitamento e a adopción dun novo estilo ou prendas representan a separación dun rol imposto, a transición para unha identidade propia e, finalmente, a integración desa identidade nun mesmo e no mundo. A escolla da roupa posmastectomía, por exemplo, marca unha etapa de transformación corporal, mais tamén social e simbólica, pois permite abandonar as estratexias de ocultación e entrar nun novo momento vital. E, como en todo rito de pasaxe, son eses puntos de inflexión; ese primeiro calzón, esa bolsa de roupa vella, esa camiseta axustada... os que axudan a trazar o camiño.

2.1.6. A saída do armario

A expresión "saír do armario" ten a súa orixe no inglés ("coming out of the closet") e foi empregada inicialmente para referirse ao acto de facer pública a homosexualidade. No contexto das identidades trans, esta metáfora adquire unha dimensión diferente e máis complexa. Implica non só expresar unha orientación ou identidade interna, senón tamén unha transformación social visíbel. Ademais, pode supor un rito de pasaxe, ao implicar exposición, mudanza de status e, en moitos casos, separación de certos espazos e integración noutros. Xa Sedgwick (1990) defendía que o "armario" era unha estrutura central na tanto na representación cultural e política da homosexualidade como na súa opresión; e sinalaba a saída do mesmo como un acto que reclama visibilidade e autenticidade.

Debemos matizar que a saída do armario non é unha experiencia lineal nin única. Ao contrario, moitas persoas trans relatan múltiples saídas do armario ao longo da vida, segundo os contextos (familia, amizades, traballo, escola) e segundo o recoñecemento social. Nese sentido, é tamén un proceso liminal, que coloca a persoa nun espazo intermedio entre o recoñecemento e a rexección,

entre o íntimo e o público. A reacción das persoas receptoras xoga un papel fundamental e pode derivar en aceptación, mais tamén en violencia simbólica ou material. Esta liminalidade fica plasmada na investigación de Brumbaugh-Johnson e Hull (2018), onde o proceso de saída do armario é descrito como unha negociación constante da identidade, da seguridade persoal e da aceptación social nos diferentes espazos de relación.

No caso do Éric, unha das súas primeiras saídas do armario tivo lugar nun contexto íntimo e simbólico: coa súa gata, Blanqui (20:47). Tratarse en masculino fronte a ela, que "lle daba absolutamente igual", foi unha forma de afirmación persoal nun espazo seguro. Este momento de intimidade revela a necesidade de recoñecerse e de ser recoñecido, mesmo cando aínda non é posíbel facelo en público. A súa historia mostra tamén como o proceso pode verse interrompido ou alienado, pois a súa psicóloga impúxolle que saíse do armario antes da seguinte sesión (22:18), obrigándoo a acelerar un proceso que debería ser voluntario e respectuoso cos tempos propios. Así, o Éric foi forzado a facer pública a súa identidade mudando o seu nome en Facebook aos 22 anos, sen estar completamente preparado.

É significativo que o Éric xa se identificase como persoa trans aos 15 anos (08:11) e llo contase á súa nai daquela (17:31). A resposta negativa dela, quen afirmaba que a xente non o ía apoiar, fíxoo reprimir esa parte de si mesmo durante anos. El mesmo recoñece que, cando pasaba por etapas de estrés, como os exames, os sentimentos reprimidos reaparecían con forza (18:33), o que o levou a vivir unha dupla vida, socializando como Éric en segredo (19:07). O seu proceso ilustra a dor e a fragmentación interna que pode provocar a falta de apoio familiar, así como o impacto de ser forzado a facer pública a identidade.

Tamén o Shiloh experimentou unha saída do armario marcada pola ambivalencia. A súa primeira experiencia de expresión de identidade foi a través da Internet (08:14), un espazo non físico que pode funcionar como territorio liminal. As redes sociais permiten explorar e afirmar a identidade sen as consecuencias inmediatas do mundo físico, nun mundo cunha ruptura das normas semellante á que Bakhtin (1965) describe como propia da liminalidade ao falar do carnavalesco. Para el, este espazo dixital supuxo liberdade, comprensión e igualdade: "foron xente que o día cando eu o dixen xa non estaban ni sorprendidos" (14:29). A vida online operou como un espazo de transición, de experimentación e de encontro con iguais.

A súa saída do armario na vida "real" non chegou até os 16 anos, xa no Estado español. Aínda así, tamén foi desposuído do control sobre o seu proceso: ao contar a súa identidade a algunhas persoas, estas transmitírono ao profesorado, acelerando a súa visibilización pública (14:29). Neste caso, o Shiloh relata a experiencia como positiva, pois recibiu respecto. Mais, na contorna familiar, a situación foi máis complexa: os seus pais continúan a usar o seu nome anterior e a tratalo en feminino (17:13). Afirmar que, moitas veces, xa non corrixe porque non quere loitar todo o tempo. Este comportamento pode ser entendido como unha forma de indefensión aprendida, un mecanismo de defensa fronte á constante exposición ao conflito e ao esgotamento emocional que supón ter que reafirmarse continuamente. A adaptación a este tipo de dinámicas pode evitar discusións inmediatas, mais tamén supón un custe psicolóxico. McLemore (2015) demostra que os efectos de ser malxenerizado inclúen un aumento do malestar emocional, unha menor sensación de autenticidade e coherencia identitaria, e unha percepción máis negativa da propia imaxe.

O Shiloh explica ademais que só fala en profundidade da súa identidade con persoas que considera que poden comprender ou coas que sente seguridade: en contextos menos seguros, límitase a dicir que é un home trans (18:28). Esta forma de autorrepresentación estratexicamente limitada é outra manifestación da tensión entre vulnerabilidade e protección. É tamén unha forma de negociar a súa posición social nun mundo que non sempre permite ser. Como sinalan Brumbaugh-Johnson e Hull (2018): "transgender individuals do not simply decide to "come out of the closet" and then stay out. Rather, they make strategic decisions regarding the enactment of gender and gender identity disclosure based on specific social contexts" (p. 1).

O Ares relata unha conciencia temperá da súa identidade. Xa con 4 anos pedía por Reis "un pitilín y un Scalextric", e identificábase como neno (6:18). A súa familia, ao non contar con referencias sobre as persoas trans, pensaba que sería algo temporal ou pasaxeiro. Non foi até os 30 anos, ao decidir hormonarse e operarse, que llo contou. A reacción foi complexa: a súa nai e a súa irmá dixerón que xa o sabían, mais recomendáronlle que non llo dixese ao pai (12:36). Contra os estereotipos, a súa nai e o seu pai, ambedos maiores e moi crentes, acabaron por apoialo. O Ares temía quedar sen familia, amizades ou traballo, mais encontrou bastante apoio, aínda que tamén perdeu relacións e tivo que mudarse a outra aldea polo sinalamento veciñal (14:14). A súa vivencia demostra como un acto de vulnerabilidade e de afirmación persoal pode implicar, ao tempo, afecto e violencia, integración e exclusión.

En conxunto, as narrativas de saída do armario que recollen estas entrevistas poden ser entendidas como ritos de pasaxe non convencionais. Se as analizamos seguindo a estrutura proposta por Van Gennep (1909) de separación - transición - agregación, estas experiencias implican unha separación simbólica da identidade social asignada, da expectativa normativa e do relato imposto. A fase de tránsito, cando a identidade comeza a ser desvelada nalgúns espazos, está caracterizada por unha forte liminalidade: é un estado intermedio onde a identidade imposta comeza a ser abandonada, en favor dunha real que comeza a ser recoñecida. Este momento adoita estar marcado pola incerteza, a vulnerabilidade e a necesidade de protexerse. Neste proceso, espazos como a Internet funcionan como zonas liminais que permiten experimentar e afirmar a identidade sen as consecuencias directas da "vida real". A etapa de agregación, entendida como integración ou recoñecemento social, é ambigua e irregular: pode chegar parcialmente, pode ser negada, ou pode depender do contexto e das persoas. Así, as saídas do armario non son actos únicos, senón procesos continuos de negociación identitaria, atravesados por múltiples factores: a familia, o espazo social, o xénero, a idade e o control sobre o propio relato.

2.1.7. As mudanzas do corpo: as hormonas

O corpo é un elemento central na experiencia das persoas trans. Non só cataliza a vivencia individual do xénero, senón que funciona como o primeiro filtro a través do que a sociedade impón unha identidade. Ao nacer, a nosa cultura clasifica as persoas nun xénero en función do seu corpo. Esta asignación inicial non é neutra: ten implicacións sociais, políticas e simbólicas. No caso das persoas entrevistadas neste traballo, todas foron asignadas como mulleres ao nacer debido ao seu corpo. E esa asignación non rematou aí: a medida que medraron, os seus corpos continuaron funcionando como un marcador social que lles impuxo expectativas e roles vinculados á femineidade. Con todo, co paso do tempo puideron nomearse como homes ou persoas transmasculinas, cuestionando esa imposición inicial. Mais os efectos desa violencia simbólica non desaparecen de xeito inmediato. Moitas veces, a imposibilidade de expresarse con liberdade durante a infancia e a adolescencia leva a interiorizar o odio ao propio corpo ou a sentir unha necesidade urxente de transformalo. Como expresa Missé (2013):

El hecho de ser trans se basa en gran parte en (...) tener un cuerpo con características sexuales distintas a los demás (...); una diferencia con un impacto clarísimo en el desarrollo de la persona que genera múltiples

discriminaciones en la vida cotidiana. En un contexto como el que hemos descrito, no debería extrañarnos que la gente trans quisiera modificar su cuerpo para vivir mejor. (pp. 58-59)

A relación co corpo nas persoas trans non é lineal. Pode atravesar diferentes momentos: rexeitamento, aceptación, transformación, reconciliación... Non se trata de odiar o corpo en si, senón de vivir nun corpo que foi construído como un erro poles demais. Como explica o Éric: "Odiaba que o meu corpo non entrara nestes estándares e era a quen llo facía pagar. Pero o meu corpo sempre me serviu para dar abrazos, para comer, para ir correr polo monte ca bicicleta. O meu corpo... jo, é unha cosa moi increíble. E ponme moi triste telo tratado mal" (41:45). Esta reflexión resume ben como moitas veces o malestar nace da contorna, e como recuperar a axencia corporal é tamén un acto de dignidade e coidado.

Un dos recursos máis relevantes neste proceso de reclamación corporal é a terapia de substitución hormonal. No caso das persoas transmascullinas, esta implica normalmente a administración de testosterona, unha hormona que provoca mudanzas como o crecemento do clítoris, a redistribución da graxa corporal a patróns máis habituais nos homes cis, unha voz máis grave, o aumento do pelo facial e corporal... (Unger 2016). Estas mudanzas son progresivas e varían en cada persoa, mais teñen un impacto profundo na percepción externa do xénero e na relación da persoa consigo mesma.

Cómpre destacarmos que moitas das modificacións corporais realizadas polas persoas trans non son tan diferentes daquelas que fan as persoas cis. Moitas mulleres cis recorren a operacións de aumento de peito, liposuccións, tratamentos estéticos ou depilación para encaixaren en roles de xénero que lles son impostos e evitar o castigo social. Os homes cis tamén acceden a mastectomías no caso de xinecomastias, usan minoxidil para favorecer o crecemento da barba ou recorren a transplantes capilares. Como defende Missé (2013, p. 57) sobre o corpo: "En la actualidad (...) cada vez más personas (trans y no-trans) lo transforman a lo largo de su vida. Las cirugías, los tratamientos hormonales y muchas otras técnicas de modificación corporal no son prácticas específicas del colectivo trans". A diferenza está no nivel de cuestionamento e violencia. A sociedade infantiliza as persoas trans, asumindo que non saben o que fan, que se arrepentirán ou que están a tomar decisións impulsivas. Porén, as intervencións hormonais ou cirúrxicas non só melloran a súa calidade de vida, senón que están asociadas con menores taxas de suicidio, ansiedade e depresión. Moitos estudos o demostran, como o de Pelusi et al. (2014), que analizou os efectos da administración de diferentes formulacións de testosterona en 45 homes trans e concluíu que "Current general life satisfaction was increased in all subjects after 1 year of treatment" (p. 3001). En contraposición a esta infantilización, Halberstam (2018) defende:

To the extent that trans* bodies are subject to psychiatric scrutiny for the choices people may make about body modification, it should only be for the same reasons that other non/trans bodies fall into at-risk categories. That is, while currently non/transgender men and women do not have to undergo psychiatric evaluation before having any kind of cosmetic surgery, unless there are other indicators of mental instability, so transgender men and women should be able to elect body modifications without psychiatric evaluation unless they too exhibit unstable behaviors. (p. 34)

O relato do Éric é especialmente revelador da violencia estrutural que viven as persoas trans. A falta de acceso á hormonación e a unha comunidade que o recoñecese como home acabou afectando á súa saúde física e mental: "Sentín que, cando estaba flaco, a xente non me notaba o peito. Entón a xente tratábame en masculino (...) Desenvolvín un TCA" (14:25). A aparición de condutas alimentarias restritivas en persoas trans cuxo xénero non é recoñecido xa foi demostrada por Mitchell, MacArthur e Blomquist (2021):

We found that misgendering was associated with decreased body-identity congruence and increased body dissatisfaction and dietary restraint, consistent with previous research finding that transgender individuals use dietary restraint to increase body-identity congruence. (p. 1300)

Nun momento posterior, o Éric tentou reconciliarse coa súa corporalidade sen pasar pola hormonación: "intentaba (...) reconciliarme ca corporalidade, ou co que facía o meu corpo" (32:08), mais a violencia simbólica continuaba. Neste contexto, aparece unha tensión moi común: se as persoas trans non se adaptan aos roles esperados, o seu xénero non é recoñecido. Mais, se se adaptan para sobrevivir, son acusadas de perpetuaren o sistema, ou de traizoarse. Como expresa o Éric: "Coustome moito aceptar que merecía descansar. E sentíame como un traidor (...) como que estaba facendo algo malo, como que non me estaba querendo o suficiente, pero estaba hasta as narices de... pois... de finxir que non me afectaba" (35:10). Esta cita expresa con claridade a fatiga de vivir nunha constante loita, sen marxe para o descanso nin a contradición. Como defende Duval (2021, p. 32):

No se puede exigir activismo por parte de todo el mundo, así como tampoco se puede exigir, en una sociedad que enseña a las personas trans a odiar su cuerpo, que se reconcilien plenamente con el suyo y no procedan a ninguna modificación para recibir un mejor trato social: es normal, e incluso saludable, querer formar parte de una ciudadanía que se rige según unas determinadas reglas, y el género es una de ellas. Transgredirlo, en muchos casos, solo es posible si ya existen una red o unos apoyos lo suficientemente sólidos como para permitir esa transgresión, o en redes socioculturales y de afectividad muy limitadas y concretas.

A percepción social da hormonación tamén pesa sobre as decisións das persoas trans. O Éric conta que a súa idea inicial das hormonas estaba moi mediatizada pola representación audiovisual: "A miña percepción das hormonas era que era unha cousa que te iba a matar porque era o que aparecía en todas as películas, era desastroso" (36:14). A falta de representacións positivas e de información rigorosa fai que recursos que poderían facilitar a vida sexan vistos como perigosos ou extremos. Porén, no seu caso, comezar coa testosterona supuxo recuperar a ilusión: "Que aventura me depara o día? (...) Estaba moi como vivindo o que non vivira na adolescencia e creo que foi un regalo" (44:09). Este momento pode interpretarse como unha segunda adolescencia, unha etapa de descubrimento e entusiasmo.

Porén, toda mudanza leva consigo un proceso de adaptación. Mesmo cando é desexada, pode vir acompañada de desorientación. O Éric relata como a súa voz, elemento central da súa identidade como persoa que canta, pasou de ser fonte de pracer a fonte de frustración: "A nivel psicolóxico foi un esguince (...) desestabilizábame moito, que unha cousa que me regulaba emocionalmente como era cantar, de repente fora unha fonte de frustración. A día de hoxe sigo sin entender cal é a miña voz" (38:56). A súa vivencia amosa como moitas veces a transición consiste en habitar un espazo liminal, unha mudanza que tamén custa assimilar.

No caso do Ares, a hormonación tamén marcou un punto de inflexión. Non só lembra a data exacta e o lugar onde comezou: "un 11 de noviembre del 2006 en Colloto, Asturias" (40:19), senón que cada ano regresa alí para brindar, transformando ese momento nun ritual propio de celebración. Esta práctica ten interese antropolóxico: funciona como rito de pasaxe, onde se separa do seu eu anterior sen hormonación, reagrupase cunha comunidade que o sostén e reconece esta nova etapa. De feito, o Ares mesmo fixo unha festa para conmemorar o inicio da hormonación (42:20), reforzando o seu valor simbólico.

A hormonación para o Ares non só supuxo mudanzas físicas, senón tamén unha transformación emocional profunda: "el saber que me estaba pinchando y que eso iba a ir para adelante y que yo iba a ver en el espejo a Ares... La paz de la cabeza fue... De hecho, mi carácter cambió totalmente de ser un tío poco cariñoso, no daba besos ni abrazos a... ser mucho más abierto, a hablar mucho más, a ser más cariñoso" (45:33). Este testemuño cuestiona a idea de que a testosterona é sinónimo de agresividade, suxerindo que a violencia atribuída aos homes pode ter máis relación cos roles sociais que coa bioloxía.

Para o Shiloh, a testosterona tamén foi chave na autopercepción e na relación coa feminidade. Ao modificar o seu corpo, xa non se sentía atrapado na imaxe imposta de muller, e iso deulle liberdade para reclamar trazos femininos: "agora xa a idea que alguén pensa que son femenino ou incluso muller, non aféctame tanto porque eu, teño claro, como síntome moi ben" (25:11).

A súa experiencia tamén permite analizarmos a interseccionalidade. Como persoa migrante rusa sen DNI, o Shiloh enfrontouse a obstáculos adicionais: cando pediu a hormonación en Ourense, foi derivado a psiquiatría (27:59), a pesar de que desde 2018 a OMS retirou a "disforia de xénero" como diagnóstico de enfermidade mental. As asociacións trans non puideron axudalo pola falta de documentación. Só a mudanza a unha área sanitaria máis aberta lle permitiu acceder ao tratamento. Isto ilustra como as desigualdades se acumulan: transfobia e xenofobia interaccionan para dificultar dereitos básicos.

Todos os entrevistados desenvolveron rituais persoais para rexistrar as mudanzas no seu corpo. O Éric tiraba unha foto diaria e gravaba a súa voz cantando a mesma canción cada certos meses (37:54); o Ares comparaba os efectos da testosterona co seu amigo Jon (44:05); e o Shiloh creou unha conta privada onde comparte os seus avances con humor e música. Di: "na miña adolescencia... espertaba moitísima depresión, sentín como super perdido e non pensaba que vou chegar a isto, e esta desesperación e tal, a lembro, podo chegar a estar aquí, apreciar onde estou, estar feliz e tamén para ensinar a xente" (31:28). Estes rexistros son unha forma de atesourar o proceso e tamén de construír unha narrativa propia, afastada das lecturas patoloxizantes ou tráxicas.

En conxunto, estas experiencias permiten interpretar a transición hormonal como un rito de pasaxe tal como foi formulado por Arnold van Gennep (1909) e desenvolvido por Victor Turner (1967). Neste marco, os ritos de pasaxe divídense en tres fases: separación, liminal e agregación, e funcionan como mecanismos simbólicos que permiten transitar entre dous estados sociais ou identitarios.

En primeiro lugar, a fase de separación é evidente no momento no cal deciden iniciar a hormonación. Deste xeito, afástanse das expectativas sociais que lles impuxeron desde o nacemento, así como dos mandatos sobre como debía ser o seu corpo. A hormonación marca unha ruptura co modelo de feminidade asignado, unha toma de distancia respecto de aquilo que lles dixeron que tiñan que ser. Esta decisión pode vir mediada tanto pola presión de encaixar e sentirse recoñecidos socialmente, como polo desexo profundo de priorizarse, de habitar un corpo que sintan

propio. Ao modificar intencionadamente a súa corporalidade, dan comezo a un proceso simbólico de desapego co rol anterior, abrindo a porta a unha nova forma de existencia.

A fase liminar, o espazo de tránsito onde as fronteiras son difuminadas, é especialmente relevante. Nesta etapa, a hormonación é ao mesmo tempo un proceso transformador e un momento de incerteza, aprendizaxe e autoobservación. É un tempo de mudanzas e reconfiguración emocional e relacional. Os relatos do Éric e o Ares son particularmente ilustrativos: descríbennos como unha segunda adolescencia, cargada de ilusión, mais tamén de desconcerto. O Éric fala de "esguince psicológico" e da frustración de non recoñecer a súa voz, mentres que o Ares destaca o alivio mental e a apertura emocional que lle trouxo a testosterona. Esta fase tamén implica un gran traballo interno, onde o corpo é resignificado e a identidade negociada coa mirada allea.

A última fase, de agregación, é visíbel nas accións simbólicas que cada un realiza para marcar a mudanza: celebracións anuais, festas, rexistros fotográficos ou musicais, contos onde compartir o proceso. Estes rituais son máis que recordos; son ferramentas para afirmar a nova identidade, para situarse no mundo dun novo xeito, e para dotar de sentido unha transición que vai alén do físico. A festa do Ares en Asturias, por exemplo, non só celebra o comezo da testosterona, senón que inscribe o corpo nunha nova narrativa colectiva. Do mesmo xeito, os rexistros vocais ou visuais do Éric e o Shiloh non só documentan mudanzas, senón que funcionan como actos de orgullo, como arquivos íntimos e tamén públicos dun proceso identitario profundo.

Nesa mesma lóxica simbólica está inserido o podcast *Um T com Nee*, que constitúe a outra pata deste Traballo de Fin de Grao. A través da gravación mensual de episodios desde o inicio da hormonación, o podcast funciona como un espazo ritualizado onde as mudanzas na voz son rexistradas e se reflexiona sobre a experiencia da transición en diálogo con outros ritos de pasaxe doutras culturas. Este formato non só documenta a transformación física, senón que contribúe activamente á súa significación. Así como as festas ou os arquivos persoais mencionados polas persoas entrevistadas, o podcast converte a vivencia individual nun relato compartido, nun acto simbólico de reincorporación á vida cun corpo e unha identidade afirmadas. Ao narrar a propia transición mentres outras formas culturais de atravesar a mudanza son exploradas, o podcast ofrece un xeito sensíbel e situado de reivindicar a pertenza das persoas trans ao mundo social e simbólico, reforzando a idea de que toda transformación merece ser recoñecida, celebrada e contada.

O interese de ler a hormonación como rito de pasaxe reside en que permite recoñecer que estes procesos, lonxe de seren artificiais ou "antinaturais" como proclama a ollada transfóbica, son profundamente humanos. Son de rituais que reordenan a vida, que producen sentido e que permiten a reapropiación dun corpo historicamente expropiado pola sociedade. A hormonación non é só un feito médico ou estético: é un proceso vital, cargado de simbolismo, que permite á persoa recuperar a axencia sobre si mesma.

Nun contexto social que nega constantemente o dereito á autodeterminación, que infantiliza as decisións das persoas trans e criminaliza os seus procesos, estes rituais representan tamén un acto de resistencia. Son formas de dicir: "este corpo é meu, esta historia é miña". E nesa afirmación, habita toda a potencia dunha vida que se reinventa.

2.1.8. As mudanzas do corpo: as operacións

No marco da transición de xénero, as operacións forman parte das posíbeis transformacións físicas ás cales poden acceder algunhas persoas transmasculinas. Non todas optan por pasar por cirurxías, mais quen o fai adoita escoller aquelas intervencións que lle permitan sentirse máis cómodo co seu corpo e co xeito no cal é lide socialmente. Neste sentido, as operacións poden ser interpretadas tamén como ritos de pasaxe: momentos chave que marcan un antes e un despois na experiencia corporal e identitaria. Porén, debemos problematizar estas modificacións corporais en tanto a que, como defende Missé (2013), o seu éxito está "en la consecución del cuerpo que uno desea. Pero el cuerpo que uno desea tiene todo que ver con aquellos cuerpos que socialmente son considerados deseables y que se basan en estrictos modelos de belleza" (p. 60).

Dúas das intervencións máis comúns no contexto transmasculino son a mastectomía e a histerectomía. A primeira consiste na extirpación do tecido mamario co obxectivo de conseguir un torso plano. Pode ser feita con diferentes técnicas, dependendo da cantidade de tecido, da pel e das preferencias da persoa. No caso do Éric e o Ares, ambos realizaron esta operación e coinciden en describirla como un punto de inflexión. Estudos como o de Bertrand et al. (2024) mostran que as mastectomías en persoas transmasculinas e non binarias provocan melloras significativas no funcionamento psicosocial.

O Éric define a súa mastectomía como un momento de acadar "paz mental" (44:53), unha mudanza que lle permitiu habitar o mundo sen que o lesen en feminino. Aínda que non organizou unha celebración formal, para el o proceso tivo carácter ritual: "poder parar de traballar (...) ver películas que quería ver, estar con xente que quería estar, xogar a xogos que levaba tempo querendo xogar, sentirme cuidado... foi moi bonito" (46:40). O feito de contar cunha rede de coidados e poder descansar e compartir o momento coa súa comunidade reforza esta idea do rito de pasaxe como espazo de transformación e recoñecemento colectivo.

O Ares tamén destaca a súa mastectomía como "el día máis feliz" (47:34) da súa vida. No día seguinte da operación, a súa irmá comproulle 20 ou 30 camisetas axustadas, un xesto que para el simbolizou de forma visual e afectiva a nova etapa vital. A partir dese momento, comezaron pequenos rituais: as primeiras vacacións no Caribe, a primeira vez na praia sen camiseta (49:35). Para el, celebrar a transición foi tamén un acto de afirmación persoal e política: "solo quería celebrar lo que tanto sufrimiento para mí había generado" (50:00). A celebración, neste caso, non é só un espazo de ledicia individual, senón tamén unha resposta fronte a un sistema que asocia a transgresión do xénero co sufrimento e o tabú.

A histerectomía, pola súa parte, consiste na extirpación do útero e, ás veces, tamén dos ovarios. Pode realizarse por diversos motivos: desde o desexo de non menstruar até o malestar co papel simbólico e biolóxico que estes órganos teñen. O Éric explica que, para el, a operación foi parte dun proceso de "actualización", non de odio ao corpo: "Igual que quitéi as moas do xuízo para que non me incordiaran, pois quitéi os ovarios porque non ían ter unha función na miña vida. Quitéi as tetas porque non iban ter unha función que non fora molestarme" (42:43). Tamén salienta a importancia de ter referentes que xa pasaran por ese proceso, como un amigo que lle axudou a prepararse (48:49), e de poder compartir a súa experiencia coa comunidade. Aínda que non celebrou explicitamente a intervención, lembra con moito agarimo un momento posterior: estar coas súas amizades no Orgullo e notar como se alegraban por el (51:31). A validación afectiva e social, mesmo sen un ritual establecido, tamén pode cumprir o papel simbólico dun rito de agregación.

No caso do Ares, a histerectomía foi unha operación de urxencia: os seus ovarios "se deshicieron en la tripa" (51:28). El mesmo recoñece que tiña unha visión moi binaria sobre o que significaba ser home, e que seguramente escollería igualmente facer a operación. Porén, coa perspectiva do tempo, reflexiona sobre como, se contase con máis referentes, pensaría noutras posibilidades: "hubiera sido padre seguro, padre gestante" (51:28). Esta evolución mostra como o aumento de representacións e

espazos para habitar a liminalidade, esa zona intermedia onde non todo ten que encaixar en moldes ríxidos, permitiu ampliar os xeitos de ser trans e de transitar, facendo o camiño máis habitábel. Como destaca Missé (2013): "en estos años han empezado a emerger historias de hombres trans que se quedan embarazados (...) Beattie hizo visible una realidad trans de la cual nunca se había hablado antes" (p. 112).

As chamadas "cirurxías de reconstrución xenital", como a faloplastia (construción dun pene mediante enxertos de pel) ou a metoidoplastia (utilización do clítoris hipertrofiado pola testosterona para formar un falo), son intervencións máis complexas. Como expresa Halberstam (2018): "Hormones have been extremely effective in allowing transgender men and women to pass, but "bottom" surgeries for the transformation of genitalia remain unsatisfactory for some men and women who choose to forgo them altogether" (p. 26-27). Aínda que ningún dos entrevistados realizou estas operacións, o Ares valorouno no pasado e acabou descartándoo. Esta decisión tamén mostra como o proceso de transición non é lineal nin uniforme, e como cada persoa escolle os pasos que fan sentido para o seu corpo, os seus desexos e as súas circunstancias.

As operacións de afirmación de xénero, lonxe de ser simples modificacións corporais, poden ser comprendidas como verdadeiros ritos de pasaxe. Implican unha separación dun corpo que non se sentía como propio; unha fase de tránsito marcada por medos, dores e aprendizaxes; e unha reincorporación a unha vida nova, máis acorde coa identidade de cada quen, ou polo menos máis decodificábel pola sociedade. Estes procesos están fortemente atravesados pola presenza da comunidade, a celebración e os afectos, mesmo cando non hai unha festa explícita. As voces das persoas entrevistadas amosan que a transición pode ser vivida como algo feliz, compartido e transformador, onde o corpo é convertido nun espazo de axencia, memoria e futuro. É significativo destacarmos aquí que, cando Van Gennep (1909) analiza os ritos de pasaxe de modificación do corpo, sobre todo da adolescencia, explora como o corpo humano "has been treated like a simple piece of wood which each has cut and trimmed to suit him" (p.72). Isto conecta coas experiencias de transición corporal que comentamos, mesmo se o autor non analizaba directamente as realidades trans.

2.1.9. As mudanzas da sexualidade

A sexualidade e a identidade de xénero son dúas dimensións distintas, mais están profundamente entrelazadas. Stryker (2008) define a sexualidade como "what we find erotic and how we take pleasure in our bodies" (p. 16). Nun marco social que tende a clasificar e ordenar os corpos, tanto a sexualidade como a identidade de xénero adoitan ser reducidas a categorías fixas e binarizadas: ser home ou muller, ser heterosexual ou homosexual. Estas etiquetas están construídas arredor dun principio normativo que asocia a identidade de xénero cun determinado desexo: as mulleres desexan homes, os homes desexan mulleres (Butler 1990). Así, a orientación sexual é definida moitas veces en función do xénero propio e do xénero das persoas desexadas, como se estas categorías fosen universais, coherentes e estables. Porén, debemos ter en conta que "The terms homosexual/heterosexual and transsexual as well as other markers like man/woman, masculine/feminine, whiteness/blackness/brownness, are all historically variable terms, untethered in fixed or for that matter natural or inevitable ways to bodies and populations" (Halberstam 2018, p. 8). Que acontece cando cuestionamos o binarismo de xénero? Que pasa cando unha persoa transita e muda o xeito en que é lida pola sociedade? Que pasa coas etiquetas que definían a súa sexualidade até ese momento? Neste cruce entre identidade e desexo, emerxen conflitos, renegociacións, malentendidos e mesmo mudanzas na orientación, xa que o desexo tamén está moldeado polas condicións sociais que o rodean. Un exemplo é o das mulleres que se relacionan con outras mulleres: aínda hoxe, esa realidade adoita ser lida como unha desviación da norma. A sociedade tenta reencaixar esa relación dentro do marco heterosexual, atribuíndolle roles diferenciados: quen "fai de home" e quen "de muller". Este tipo de dinámicas revelan até que punto o xénero opera dentro das relacións, organizando expectativas, xerarquías e mesmo a lexitimidade do desexo.

A experiencia das persoas trans deixa á vista a conexión entre identidade e orientación. Ao mudar a posición social de xénero, as etiquetas usadas para falar da sexualidade poden deixar de funcionar ou mesmo converterse en fonte de malestar. Aínda sendo conceptos diferentes, identidade e orientación están interconectadas polas estruturas sociais que lles dan sentido: o xénero, a matriz heterosexual (Butler 1990). Transitar, neste contexto, supón tamén revisar as relacións pasadas e presentes, repensar o lugar propio no mundo do desexo, e en ocasións, reformular etiquetas.

O Shiloh expresa isto de maneira clara cando di: "moita xente trans (...) foron capaces de saír (...) co do seu sexo ou sexto opuesto, cando deron conta que non teñen que ser novia ou novio (...) hai

moita identidade propia nas relacións" (45:50). Aquí subliña que, ao desligar as relacións das categorías "novia" ou "novio", que implican roles de xénero específicos, abre un espazo de maior liberdade para o desexo. A identidade, segundo apunta, non é allea ás relacións: nas relacións tamén é afirmado ou negado o lugar desde o que unha persoa se pensa e é recoñecida. Despois menciona: "era moi complicado sentir que esa persoa percíbeme como o home ou como quen eu son" (47:29). Isto evidencia que o desexo, para desenvolverse, precisa dun certo recoñecemento mutuo. Cando a persoa sente que non é vista como realmente é, o pracer pode ficar inhibido.

O Shiloh relata que ao principio só sentía atracción polas mulleres, pois con elas topaba un maior entendemento. Mais co tempo decatouse de que tamén sentía atracción por homes. Actualmente di que continúa na experimentación, e define a súa sexualidade como algo difícil de explicar (44:21). Para interactuar co mundo, emprega a etiqueta "bisexual", mais tamén se recoñece no espectro asexual e di que a súa atracción vai alén do xénero, que depende máis da conexión coa persoa. A súa preferencia por relacionarse con persoas trans, polas sensacións de maior atracción e seguridade, suxire que a experiencia do desexo está atravesada tamén polo contexto e polas vivencias compartidas.

Actualmente non contamos cun vocabulario xeralizado para describir sexualidades que non encaixan no binario. As dinámicas sexo-afectivas adoitan ser binarizadas: esperamos que haxa un papel "masculino" e outro "feminino", e só ás veces somos capaces de entender que poden implicar dous iguais, mais non contamos con palabras que vaian alén disto. Onde fica a xente non binaria? Como son lides? Como interpretamos o seu lugar dentro das relacións? Moitas veces, estas persoas senten que a súa identidade é invalidada, ignorada ou diluída nas lóxicas cisheteronormativas. O Shiloh, por exemplo, relata como, ao saír cunha muller cis, sentía que "negaba un poquito a parte non binaria da miña identidade... e impoñía (...) as normas heteronormativas e heterosexuais que teño que ser o home na relación" (47:29). Aínda que é unha persoa transmasculina, non se identifica como home. Mais a sociedade tende a encaixalo neses moldes: se parece un home e está cunha muller, entón debe "facer de home". É un punto de conflito constante, onde a realidade da persoa choca coas expectativas sociais e a falta de ferramentas para nomearse.

Tamén é relevante observarmos nestas entrevistas como a masculinidade, socialmente, adoita ser construída a través da atracción por mulleres. Para moitas persoas transmasculinas, o camiño á afirmación da súa identidade pasou por se identificaren primeiro como lésbicas, como única ferramenta dispoñíbel para expresaren disconformidade coa feminidade que se esperaba delas. O

Shiloh di que, antes de saír do armario como persoa trans, comezou identificándose como lesbiana (33:29). O Éric, pola súa banda, conta: "a miña única maneira de mostrarme como quen era, era ser la más lesbiana" (54:07). Para el foi un choque cando unha amiga lle dixo que, se era un home trans e sentía atracción por mulleres, entón sería hetero. Esa categoría, até entón, era allea á súa experiencia vital: sempre desexara desde as marxes, construindo comunidade e referentes neses espazos. Só máis tarde, cando foi recoñecido como home e tivo acceso a hormonas e operacións, puido revisar o seu desexo. Descubriu que tamén sentía atracción por homes, mais agora xa non sentía esa atracción como parte dunha feminidade imposta. Xa non implicaba adaptarse a un rol alleo: podía desexar desde un lugar que recoñecía como propio.

Neste proceso tamén xoga un papel fundamental a relación co corpo. O Éric expresa como tivo que recorrer a páxinas porno para ver algunha referencia de corpos como o seu e de como mudaría coa testosterona (55:19). Denuncia que nos libros da escola nunca puido ver representacións de corpos como o seu. E isto non é infrecuente, pois xa o expresa Missé (2013):

Son los hombres trans los que menos referentes sexuales tienen ya que en el imaginario sexual de la sociedad existe la figura de mujer trans, pero no la de hombre trans. Para algunos de ellos, los personajes trans dentro de la pornografía han significado un referente clave para construir su propia sexualidad. (pp.110-111)

A ausencia de referentes, a ocultación sistemática dos corpos trans, crea unha sensación de desamparo, de inexistencia. As imaxes que nos rodean constrúen o que consideramos normal e desexable. Se o teu corpo non aparece, se é silenciado ou ridiculizado, como vas recoñecerte nel?

O Ares, pola súa parte, di que sempre sentiu atracción por "las chicas" (57:08), mais que non podía gozar dunha relación con elas antes de transicionar porque lle aterraba ser confundido cunha lesbiana: "lo que no, menos quería por nada en el mundo, es que me confundieran por lesbiana, o sea, eso ya para mí era como me... me estás matando" (58:18). Tamén conta que, antes de facer a mastectomía e ter acceso a referentes, non era capaz de conectar co seu corpo e non deixaba que ninguén o tocara (57:08). Só aos 35 anos, e coa súa muller, puido experimentar a sexualidade a nivel corporal. Aínda así, recoñece que hoxe en día non é capaz de masturbarse (1:00:11). Este dato amosa unha desconexión profunda co pracer, que non é exclusiva dun caso individual, senón que responde a unha violencia social máis ampla.

A sociedade nega ás persoas trans a posibilidade de existiren plenamente. A violencia simbólica coa falta de representación, a medicalización, o rexeitamento, a patoloxización... impídelles que poidan

recoñecerse nos seus corpos, desexarse, sentirse lexítimas. E, sen ese espazo para o pracer, tamén se lles resta un lugar de firmación. Porque o pracer é tamén unha ferramenta de empoderamento onde habitar o corpo desde a alegría, a conexión, o desexo compartido. Como defende Lorde (1978): "The erotic is a resource within each of us ... In order to perpetuate itself, every oppression must corrupt or distort those various sources of power within the culture of the oppressed that can provide energy for change" (p. 53).

En resumo, podemos concluír que a ambigüidade, liminalidade e mudanzas nas vivencias da sexualidade das persoas trans non son simples mudanzas de etiqueta. Son movementos profundos que implican revisar os propios desexos, os roles nas relacións, as formas de ser percibido e de percibir o pracer. Estes procesos están atravesados polas estruturas sociais, polos marcos simbólicos que nos din quen podemos ser e a quen podemos desexar. Nestas mudanzas, as normas do desexo tamén son reconfiguradas, e a sexualidade é tanto un territorio de exploración como de dor. Mais tamén pode ser un espazo de liberdade: onde redefinir o que significa o pracer, crear novas formas de relación, habitar o corpo. A liminalidade, con todas as súas ambivalencias, ofrece a posibilidade de romper coas normas e inventar outros xeitos de ser e desexar.

2.1.10. As mudanzas da documentación

No Estado español actual, a documentación oficial é un pilar fundamental para acceder a dereitos e servizos básicos: de abrir unha conta bancaria ou acudir a unha consulta médica até recoller un paquete ou buscar emprego. Para a maioría das persoas, esta dependencia do DNI pasa desapercibida, mais para quen ten unha identidade de xénero non recoñecida legalmente, pode ser un foco de tensión, exposición forzada ou exclusión. Como afirma Halberstam (2018) cando explora os sistemas de dominación legal e administrativa:

For transgender people, this domination intensifies to the extent that they must petition for hormones, surgery, employment protection, name change, and so on, and if they cannot afford to do so, they become illegible and therefore dangerous within the systems charged with surveying, managing, and controlling those populations with the least to gain from the status quo. These differentials in vulnerability to violence and poverty are a crucial part of understanding how transgender people are welcomed and recognized by some laws and controlled and confined by others. (p. 49)

No caso das persoas trans, a discrepancia entre a documentación oficial e a identidade vivida xera situacións frecuentes de malxenerización, violencia simbólica e obrigas constantes de saír do armario. Esta desaxuste impacta a vida diaria de formas como escoitar o necrónimo nunha sala de espera ou aula, até episodios de discriminación institucional. Mesmo tras mudar legalmente o nome ou o marcador de xénero, poden persistir erros debido á desactualización de bases de datos ou ao desleixo das administracións. Cómpre lembrarmos que o problema non desaparece necesariamente coa documentación "correcta". Un home trans, por exemplo, pode precisar acudir ao xinecólogo por ter útero, mais topar un sistema sanitario que asocia esa especialidade exclusivamente co xénero feminino legal.

Nas entrevistas, a mudanza documental aparece como un momento chave dentro da transición. A documentación non é un simple papel, senón unha ferramenta de afirmación e dignidade. Supón recoñecemento social e alivio mental. Para moitas persoas entrevistadas, este paso foi un punto de inflexión vital. O Éric, por exemplo, lembra con claridade a data na que conseguiu o seu novo DNI: o 17 de xaneiro de 2018. Non fixo unha festa, mais marca esa data como unha especie de aniversario, por ser o día en que, por fin, sentiu respaldo legal (29:49).

Porén, o proceso non foi doado. A lei de 2007 (Lei 3/2007, de 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas) exixía probar a identidade trans mediante requisitos patoloxizantes: hormonación durante dous anos e informes médicos ou psicolóxicos. O Éric non quería hormonarse nese momento, e foi obrigado a someterse a avaliacións baseadas en estereotipos, respondendo a preguntas como se lle gustaba arranxar fechaduras (29:21), para demostrar que era "suficientemente" trans (28:23). Mentres que as persoas cis teñen dereito ao seu xénero legal de base, as persoas trans deben "demostrar" o seu, evidenciando unha desigualdade estrutural. O Ares tamén se acolleu á mesma lei e tivo a sorte de contar cun endocrino que lle facilitou todos os informes, polo que o trámite foi áxil (35:45). Cando por fin conseguiu o novo DNI, lembra esa xornada como o segundo día máis feliz da súa vida, despois da mastectomía (37:24). A partir dese momento, deixaron de pedirlle explicacións en aeroportos e sentiuse máis seguro nas entrevistas de traballo.

Mais a experiencia non é igual para todas as persoas. A lei actualmente vixente, a Lei 4/2023, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI, introduciu melloras como a autodeterminación de xénero sen requisitos médicos. Porén, o Shiloh non puido beneficiarse dela. A súa realidade como persoa migrante intersecciona coa súa identidade

de xénero, xerando novos obstáculos. El explica que a súa tarxeta de residencia continúa a reflectir o seu nome anterior e o sexo feminino, xa que o seu certificado de nacemento é de Rusia, onde a mudanza documental é ilegal (38:38). Sen cidadanía española, non pode acceder á modificación documental, ficando atrapado nun limbo legal. Esta situación ilustra como, canto máis marxinada está unha persoa por razóns de orixe, clase ou situación administrativa, máis dificultades ten para acceder a dereitos básicos.

Ademais, a carga de xénero non é igual en todas as culturas. No caso do Shiloh, mesmo o apelido implica unha identificación de xénero, algo que non acontece na Galiza. Explica como en Rusia os apelidos levan unha terminación distinta segundo o xénero: "o meu apelido é Shakin, en masculino. (...) nacín con Shakina, con A ao final, porque é femenino" (39:57). Este detalle é fonte de malestar para el, que desexa poder mudar esa letra para que o seu apelido reflecta quen é.

As mudanzas documentais poden ser entendidas tamén como ritos de pasaxe. Non só transforman a vida legal e social das persoas trans, senón que son celebradas de maneiras simbólicas e colectivas. O Ares conta que, ao chegar a casa co novo DNI, atopou unha festa sorpresa cun photocall que dicía "Ares, el Guerrero", un tronco de madeira co seu nome e un sobre con diñeiro para tatuarse (32:57). Tamén recibiu un coche teledirixido e un Scalextric, xoguetes que sempre pedira de neno mais nunca recibira. Esa celebración foi para el unha forma de recuperar parte da infancia que lle foi negada: "caí en unhas lágrimas de decir '¡Ostras! Ha costado, pero... pero lo tengo'" (34:15).

A celebración en comunidade tamén foi chave. O Ares relata que na súa asociación tiñan un ritual de pasaxe: cando un dos rapaces conseguía o DNI, ían todos xuntos ao bar e celebrábase bautizando o documento con cervexa, champán ou Coca-Cola (32:57). Estes xestos teñen unha carga simbólica enorme: recoñecen o esforzo, comparten a alegría e crean espazos de pertenza. Son formas revolucionarias de afirmar a existencia, celebrar o recoñecemento e facer fronte ao sistema a través da alegría e da comunidade.

O Shiloh, aínda sen poder facer a súa propia mudanza documental, ten claro que o que aparece no papel non o define: "Eu xa son Shiloh e xa o fun, e o que está no papel non significa nada, simplemente é algo que facilitaríame a vida" (41:10). Mesmo así, soña con celebrar con amizades o día que o consiga. Porque, para el, ese momento será importante. Será un fito, unha conquista que merece ser compartida e celebrada: un rito de pasaxe.

2.1.11. As mudanzas des outres

A transición de xénero non é só unha transformación corporal ou legal: tamén implica, de forma central, unha mudanza na maneira na cal unha persoa é percibida socialmente. O xénero é, ante todo, unha construción cultural, unha categoría imposta que determina o lugar que ocupamos na sociedade, o valor que nos é asignado e as expectativas proxectadas sobre nós (Butler 1990). Por isto moitas experiencias trans están atravesadas por unha loita constante entre como unha persoa se sente e como o resto do mundo a le.

O Shiloh reflexiona sobre como, mesmo antes de transicionar, o xénero xa influía nas súas accións e desexos: buscaba validación dos homes, desexando ser recoñecido como un deles. "Por exemplo, cando o profesor pide 'os chicos fortes que levan as cousas', sempre 'eu, eu!'" (09:46). Co tempo, a súa expresión andróxina e alternativa sitúao nun lugar de liminalidade, entre o recoñecemento parcial e a sospeita constante.

Esta ambigüidade é chave para entender as realidades das persoas transmasculinas. A transición pode supor acceso a certos privilexios asociados á masculinidade como o respecto automático, a autoridade ou a non sospeita; mais moitas veces ese acceso é inestábel e condicionado. Non entran no molde social do home cis, e esa posición ambigua pode ser perigosa. Como revelan as entrevistas, a percepción social ten un impacto directo na forma en que as persoas trans son tratadas, e moitas veces a violencia ou o recoñecemento dependen da aparencia. O Éric analiza con claridade esta realidade: "ahora, cando entro nun ámbito no que hai homes cis que non me conocen dantes, hai como unha camaradería rara. Cando hai un home, a veces, que non me conoce, no? Aproxímase a min e fai ao mellor un chiste machista" (01:00:27). De súpeto, pasa a formar parte dun grupo do que antes era excluído. Percíbese como "colega", como "un máis", e iso, aínda que lle evita ter que estar corrixindo constantemente a percepción da súa identidade, tamén ten un custo. Sente que perdeu a "habilidade para detectar imbéciles" (01:02:17). Este paso ao outro lado da liña do privilexio masculino é vivido cunha mestura de alivio e de frustración, porque, como el mesmo recoñece, moitos dos que agora o tratan ben antes simplemente o ignorarían. E ese privilexio é condicional.

Ao mesmo tempo, o Éric constata outras mudanzas nos roles sociais asociados ao xénero. As tarefas de coidados, que antes recaían sobre el por ser percibido como muller, agora son recoñecidas como algo excepcional. "Por exemplo, cando a miña abuela estuvo hospitalizada, pois púxenme a facer a

cama (...) e veu unha enfermera e dixo, 'ai, que neto tan (...) funcional'" (01:02:45). O que antes era unha obriga esperada, agora é aplaudido. A partida, como di el, comeza "en modo fácil".

O Ares tamén viviu esta mudanza de percepción. Describe como, antes de ser sexado como home, a súa cuadrilla ofrecíalle máis protección nas, mentres que, ao saírle barba, foi asumido como un home capaz de defenderse só (17:11). Isto non só alterou o lugar que ocupaba dentro do grupo, senón tamén o tipo de conversacións e complicidades xeradas: "cambió todo todo. O sea, de hablar de cosas tal, a otro nivel de conversación (...) sobre las chicas (...) En el momento que te sexan como tío... ancha es Castilla. Abren la boca y sueltan por ahí lo más grande" (18:20). De súpeto, tiña acceso á camaradería masculina, á confianza, á violencia simbólica do "círculo de machitos". Ao principio, viviu esa integración como un logro: "buah, ya soy uno más de ellos". Mais co tempo foi tomando conciencia do que implicaba: "Hoy en día digo, 'madre mía, de verdad el macho men este...'" (18:20). Aquela reafirmación, que nun inicio lle parecía positiva, acabou por facerlle ver o que hai de excluínte e violento na socialización masculina tradicional. O Ares reconece que se sentía "todo hinchado" ao formar parte dese grupo, mais que agora o observa con espírito crítico.

A través destas experiencias, vemos como as identidades transmasculinas habitan espazos de liminalidade. Están a medio camiño entre o recoñecemento e a sospeita, entre o privilexio e a marxinación. Socialmente, a súa transición é moitas veces lida como un ascenso: de "ser muller" a "ser home", nun sistema que valora máis a masculinidade. Mais esta lectura é enganosa e incompleta. Ese privilexio, cando aparece, é condicional, fráxil e nunca pleno. Non é unha entrada no club sen reservas: sempre corren o risco de seren cuestionados, invalidados ou agredidos. Como expresan Brumbaugh-Johnson e Hull (2018) na súa análise da ameaza de violencia para as persoas trans: "being viewed as fraudulent can jeopardize safety for transgender people" (p. 22).

2.2. O podcast

Relación de todos os episodios do podcast publicados até o momento de entrega do TFG:

2.2.1. "01 | Começo em testosterona"

- Data de publicación: 5 de agosto de 2024
- Duración: 26:38 minutos

- Resumo: Episodio inicial. Introduce o podcast explicando o funcionamento do proxecto, que son os ritos de pasaxe e en que consiste unha transición médica
- Ligazón: <https://open.spotify.com/episode/0fJrZxrMFHE9Jg2b0ympyo>

2.2.2. "02 | Sam Xoam ou o solstício de veram na Galiza - 2 semanas em testosterona"

- Data de publicación: 19 de agosto de 2024
- Duración: 25:13 minutos
- Resumo: O rito de pasaxe da noite do solsticio de verán na Galiza. Explora tradicións como as herbas do cacho, o carnavalesco das trasnadas e as fogueiras. Explica tamén as mudanzas tras 2 meses de terapia hormonal.
- Ligazón: <https://open.spotify.com/episode/1QqqB6zA55hTZPJnHsKtsj>

2.2.3. "03 | O velório irlandês - 1 mês em testosterona"

- Data de publicación: 2 de setembro de 2024
- Duración: 24:13 minutos
- Resumo: O rito de pasaxe do velorio tradicional na Irlanda. A comunidade reúne para despedir unha persoa falecida na súa casa, con xogos, comida e música. Tamén como xeito de procesar a morte e pasar a unha realidade sen ela, fortalecendo a comunidade. Explica as mudanzas tras 1 mes de terapia hormonal.
- Ligazón: <https://open.spotify.com/episode/73sYiILn2XLktVuwa7tV9V>

2.2.4. "04 | O ma'giri' na Indonésia - 1 mês e médio em testosterona"

- Data de publicación: 16 de setembro de 2024
- Duración: 24:31 minutos
- Resumo: Achégase aos rituais des "bissu", un dos cinco xéneros da comunidade Bugis, en Indonésia. Nestes rituais, son posuídes por espíritos e crávanse dagas. O episodio explica tamén as mudanzas tras 1 mes e medio de terapia hormonal.
- Ligazón: <https://open.spotify.com/episode/6Ytrbv5t6t0rYGASqDTSBt>

2.2.5. "05 | O Dashain no Nepal - 2 meses em testosterona"

- Data de publicación: 30 de setembro de 2024
- Duración: 25:27 minutos
- Resumo: O rito de pasaxe do calendario do Dashain, no Nepal. 15 días de celebración que serven a comunidade para transicionar á estación seca, celebrando a fin das colleitas e a abundancia. Explica tamén as mudanzas tras 2 meses de terapia hormonal.
- Ligazón: <https://open.spotify.com/episode/6NoDEmXDYWXqL3RbAu0PJz>

2.2.6. "06 | O ritual da Tucandeira no Brasil - 2 meses e medio em testosterona"

- Data de publicación: 14 de outubro de 2024
- Duración: 25:33 minutos
- Resumo: O rito de pasaxe das crianzas maué para a idade adulta. Consiste nunha proba en que teñen que resistir as picadas das formigas tucandeiras. Explica tamén as mudanzas tras 2 meses e medio de terapia hormonal.
- Ligazón: <https://open.spotify.com/episode/1uedxgKkWrkqDA4XKAvXyS>

2.2.7. "07 | O Samhain na Irlanda - 3 meses em testosterona"

- Data de publicación: 28 de outubro de 2024
- Duración: 26:36 minutos
- Resumo: O rito de pasaxe no calendario que supón o Samhain na Irlanda, caracterizado pola liminalidade co mundo dos espíritos e que dá a benvida á parte máis escura do ano. Explica tamén as mudanzas tras 3 meses de terapia hormonal.
- Ligazón: <https://open.spotify.com/episode/6wnjC8ZPpym65aUQI42CuR>

2.2.8. "08 | O Loi Krathong na Tailândia - 3 meses e medio em testosterona"

- Data de publicación: 11 de novembro de 2024
- Duración: 24:16 minutos
- Resumo: O rito de pasaxe do Loi Krathong na Tailandia, onde centos de persoas soltan lanternas sobre o río. Explica tamén as mudanzas tras 3 meses e medio de terapia hormonal.
- Ligazón: <https://open.spotify.com/episode/2Wwqzo0st5mAqCwIyU15T3>

2.2.9. "09 | O ritual do Zār no Exipto - 5 meses em testosterona"

- Data de publicación: 23 de decembro de 2024
- Duración: 25:04 minutos
- Resumo: O ritual de pasaxe da posesión de espíritos Zār no Exipto, cunha comunidade propia e caracterizado polas danzas e a música. Explica tamén as mudanzas tras 5 meses de terapia hormonal.
- Ligazón: <https://open.spotify.com/episode/2xQI4gn5quQXPX2G8rzd43>

2.2.10. "10 | O Ano Novo chinês - 6 meses em testosterona"

- Data de publicación: 21 de xaneiro de 2025
- Duración: 26:01 minutos
- Resumo: O rito de pasaxe do Ano Novo na China, 15 días cheos de tradicións e lendas específicas que permiten despedir o ano vello e transicionar para o novo en comunidade. Explica tamén as mudanzas tras 6 meses de terapia hormonal.
- Ligazón: <https://open.spotify.com/episode/5wP7tUaOcN6vZZ2L0B1PIz>

2.2.11. "11 | As tatuagens em Samoa - 7 meses em testosterona"

- Data de publicación: 1 de marzo de 2025
- Duración: 26:32 minutos
- Resumo: O rito de pasaxe das tatuaxes en Samoa, o seu significado e a súa relevancia a nivel cultural, comunitario e histórico. Explica tamén as mudanzas tras 7 meses de terapia hormonal.
- Ligazón: <https://open.spotify.com/episode/3skmorV0sYeAKmRpSHC3ft>

2.2.12. "12 | A Famadihana em Madagascar - 8 meses em testosterona"

- Data de publicación: 25 de marzo de 2025
- Duración: 25:01 minutos
- Resumo: O rito de pasaxe da Famadihana en Madagascar, en que a comunidade retira os corpos das tumbas 7 anos despois do falecemento para danzar con eles e procesar en comunidade a perda. Explica tamén as mudanzas tras 8 meses de terapia hormonal.

- Ligazón: <https://open.spotify.com/episode/5Eoh8MMIRD3DThCgS3iF0L>

2.2.13. "13 | O Maryaj Lwa no Haiti - 9 meses em testosterona"

- Data de publicación: 25 de abril de 2025
- Duración: 25:17 minutos
- Resumo: O rito de pasaxe do casamento con espíritos (lwas) no vudú de haití. Explica tamén as mudanzas tras 9 meses de terapia hormonal.
- Ligazón: <https://open.spotify.com/episode/2N5st5V7ouYP4Iiz8ZCZFB>

2.2.14. "14 | O festival do Agemo na Nixeria - 11 meses em testosterona"

- Data de publicación: 23 de xuño de 2025
- Duración: 25:15 minutos
- Resumo: O rito de pasaxe no calendario do festival do Agemo na Nixeria. Unha procesión con bailes, música e a prohibición das mulleres de saíren da casa. Explica tamén as mudanzas tras 11 meses de terapia hormonal.
- Ligazón: <https://open.spotify.com/episode/5pvKsgbamaPldyKXJGocle>

2.2.15. Mapa con todos os episodios e rituais xeolocalizados

https://www.google.com/maps/d/embed?mid=1Y4xEbypFozscmaQLs_Vy-2jkZ2i_d_4&ehbc=2E312F

3. Conclusións

Este traballo naceu da vontade de explorar, cunha posición situada, se conceptos da antropoloxía como os ritos de pasaxe e a liminalidade poden ser útiles para comprender as experiencias das persoas transmasculinas. A través dunha metodoloxía cualitativa baseada en entrevistas a tres persoas de diferentes xeracións e contextos (o Ares Piñeiro, o Éric Dopazo e o Shiloh Shakin), buscamos detectar trazos comúns e diverxencias nas transicións de xénero, así como identificar posíbeis elementos ritualísticos que poidan ser interpretados coa teoría de Van Gennep (1909) e Turner (1967, 1969).

En relación co primeiro obxectivo, de explorar a aplicabilidade dos ritos de pasaxe ás transicións de xénero, os resultados permiten afirmar que si existen paralelismos significativos. As tres fases clásicas (separación, transición e agregación) aparecen nas narrativas das persoas entrevistadas: a separación do nome imposto ou da estética feminina; o tránsito como espazo de ambigüidade e experimentación (con roupa, pronomes, hormonación...); e a agregación, ás veces parcial ou inestábel, mediante o recoñecemento social, legal ou comunitario. Non obstante, estas fases raramente aparecen de forma lineal ou definitiva. A liminalidade acaba por ser un estado prolongado, ás veces escollido, outras veces imposto pola falta de recoñecemento social pleno. Isto problematiza a aplicación estrita do modelo ritual clásico e obriga a repensalo cunha perspectiva contemporánea, que considere as transicións como procesos abertos, fragmentarios e negociados. A aplicación dos ritos de pasaxe ás realidades trans tamén debe ser cuestionada: estes son unha categoría desenvolvida en contextos coloniais, fóra das comunidades analizadas, cunha forte carga normativa sobre como deben ser os tránsitos vitais. Polo tanto, debemos revisitalos con coidado, recoñecendo que poden ser útiles analiticamente, mais tamén insuficientes para describir experiencias que desafían os marcos occidentais e binarios das mudanzas.

Respecto ao segundo obxectivo, de avaliar a utilidade do concepto de liminalidade, podemos afirmar que este é axeitado para describir os tránsitos de xénero, mais tamén ten as súas limitacións. A liminalidade permite entender o espazo entre categorías fixas como o binario normativo home/muller, e visibiliza a riqueza das identidades que habitan esa indefinición. Como expresa Missé (2013): "la existencia de personas trans y la forma en que son tratadas por el sistema legal, médico y también social nos está diciendo que la manera como entendemos los conceptos hombre-mujer o masculino-femenino ya no funciona, y posiblemente nunca haya funcionado" (p. 120). Porén, romantizar esa ambigüidade é un risco. Habitar a liminalidade non sempre é elección nin

empoderamento: pode ser consecuencia da exclusión ou da falta de recursos para completar a transición desexada. Ademais, o uso acrítico deste termo pode reforzar a idea de que as persoas trans "aínda non son", que están nun tránsito eterno a unha norma que non chega. Neste sentido, cómpre matizarmos a teoría con achegas de algúns estudos trans contemporáneos, que insisten na validación das identidades non normativas como estados plenos e non só como fases intermedias.

No terceiro obxectivo, de dar conta da diversidade interna das transmasculinidades, as entrevistas amosan con claridade que non hai unha única forma de ser transmasculino. O Ares, o Éric e o Shiloh representan traxectorias xeracionais, culturais e individuais moi distintas, mais comparten o feito de teren construído identidades propias en contextos adversos. Esta diversidade obriga a desconfiarmos de categorías fechadas ou definicións universais, e convidanos a pensar as transmasculinidades como un campo cultural plural. Así mesmo, pon de manifesto que a experiencia trans está marcada polas posibilidades contextuais: os marcos legais, o acceso á saúde, a presenza ou ausencia de referentes e os sistemas culturais onde cada persoa está inserida.

Finalmente, no obxectivo transversal de construír pontes coa sociedade desde a xestión cultural, o proxecto *Um T com Nee* demostrou que é posíbel traducir as vivencias trans a un formato divulgativo e dixital. O podcast, ao combinar relato persoal, reflexión teórica e exploración de ritos de pasaxe doutras culturas, demostra que a transición de xénero pode ser entendida como unha experiencia humana compartida, sen caer na banalización. A súa recepción no contexto cultural galego demostra que é posíbel crearmos espazos de visibilidade e empatía sen renunciarmos á complexidade.

En resumo, a teoría antropolóxica clásica sobre ritos de pasaxe é unha ferramenta útil, mais limitada, para analizarmos as transicións de xénero. A liminalidade é un concepto potente, mais tamén ambiguo. Ambos deben ser utilizados con coidado, recoñecendo as súas potencialidades interpretativas sen esquecermos os seus perigos epistemolóxicos. As transicións non son procesos lineais nin seguen ao pé da letra os esquemas clásicos, senón que son experiencias situadas, diversas e interseccionais. É precisamente esa complexidade a que pode enriquecernos como sociedade.

Entendermos as transicións de xénero como un proceso de mudanza máis, común á experiencia humana, permite contrarrestar a deshumanización crecente que afecta ás persoas trans no discurso público actual. Nun tempo onde ser trans está a ser presentado como unha ameaza, é urxente reivindicarmos a nosa humanidade compartida. Todesk mudamos ao longo da vida: mudamos de

corpo, afectos, lingua, crenzas, lugar. As transicións de xénero non son tan distintas; o que muda é o custo social pagado. Recoñecer nas vidas trans a mesma complexidade, beleza e vulnerabilidade que en calquera outra existencia é un acto político e ético. Aplicarmos o marco dos ritos de pasaxe axuda a construírmos pontes simbólicas co resto da sociedade: ver nas persoas trans non unha excepción patolóxica, senón unha expresión máis da condición humana. Esta ollada pode fomentar unha empatía real, non baseada na compaixón ou na exotización, senón na conciencia de que todas as vidas están feitas de tránsito.

A pesar do alcance desta investigación, cómpre sinalarmos certas limitacións. En primeiro lugar, o número reducido de entrevistas non permite facer xeneralizacións con demasiada rigorosidade, aínda que si ofrece unha análise profunda e situada. A diversidade xeracional e cultural das persoas entrevistadas enriquece o estudo, mais tamén deixa fóra outras realidades: persoas racializadas, migrantes sen documentación, persoas en contextos rurais illados ou que non desexan acceder á hormonación. Así mesmo, a maioría das reflexións están centradas en experiencias individuais e non en rituais colectivos organizados, o que podería ser explorado noutras investigacións. Futuros estudos poderían ampliar a mostra, incluír outras expresións de xénero dentro do espectro transmasculino, ou transfemininas, ou analizar máis en detalle como as comunidades rituais son construídas nas redes sociais ou nos activismos.

4. Bibliografía consultada

- Aboim, S., & Vasconcelos, P. (2021). What does it mean to be a man? Trans masculinities, bodily practices, and reflexive embodiment. *Men and Masculinities*, 25(1), 43-67.
<https://doi.org/10.1177/1097184X211008519>
- Bakhtin, M. (1984). *Rabelais and his world* (H. Iswolsky, trans.). Indiana University Press. (Obra orixinal publicada en 1965).
https://monoskop.org/images/7/70/Bakhtin_Mikhail_Rabelais_and_His_World_1984.pdf
- Beauvoir, S. de. (1949). *Le Deuxième Sexe*. Gallimard.
- Bertrand, A. A., DeLong, M. R., McCleary, S. P., Nahabet, E. H., Slack, G. C., DaLio, A. L., Weimer, A. K., Kwan, L., Bernacki, J., Rudkin, G. H., & the Plastic Surgery Research Group. (2024). Gender-affirming mastectomy: Psychosocial and surgical outcomes in transgender adults. *Journal of the American College of Surgeons*, 238(5), 890-899.
<https://doi.org/10.1097/XCS.0000000000000940>
- Brumbaugh-Johnson, S. M., & Hull, K. E. (2018). Coming out as transgender: Navigating the social implications of a transgender identity. *Journal of Homosexuality*.
<https://doi.org/10.1080/00918369.2018.1493253>
- Butler, J. (1990). *Gender trouble: Feminism and the subversion of identity*. Routledge.
https://selforganizedseminar.wordpress.com/wp-content/uploads/2011/07/butler-gender_trouble.pdf
- Butler, J. (1993). *Bodies That Matter: On the Discursive Limits of "Sex"*. New York: Routledge.
- Crenshaw, K. (1989). Demarginalizing the intersection of race and sex: A Black feminist critique of antidiscrimination doctrine, feminist theory and antiracist politics. *University of Chicago Legal Forum*, 1989(1), 139-167. <http://chicagounbound.uchicago.edu/uclf/vol1989/iss1/8>
- Duval, E. (2021). *Después de lo trans: Sexo y género entre la izquierda y lo identitario*. La Caja Books.
- Halberstam, J. (2005). *In a queer time and place: Transgender bodies, subcultural lives*. New York University Press. https://ieas-szeged.hu/downtherabbithole/wp-content/uploads/2018/02/Judith-Halberstam-In-a-Queer-Time-and-Place_-_Transgender-Bodies-Subcultural-Lives-Sexual-Cultures-2005.pdf
- Halberstam, J. (2018). *Trans*: A quick and quirky account of gender variability*. University of California Press.

- Hammer, D., & Wildavsky, A. (1990). *La entrevista semi-estructurada de final abierto: Aproximación a una guía operativa*. *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, (51), 147-165. <https://doi.org/10.2307/27753290>
- Lorde, A. (1978). *Uses of the erotic: The erotic as power*. En *Sister Outsider: Essays and Speeches* (pp. 53-59). Crossing Press.
<https://stilluntitledproject.wordpress.com/wp-content/uploads/2014/11/audre-lorde-sister-outsider-the-uses-of-the-erotic-1978.pdf>
- McLaren, J. T., Bryant, S., & Brown, B. (2021). "See me! Recognize me!" An analysis of transgender media representation. *Communication Quarterly*, 69(2), 172-191.
<https://doi.org/10.1080/01463373.2021.1901759>
- McLemore, K. A. (2015). Experiences with misgendering: Identity misclassification of transgender spectrum individuals. *Self and Identity*, 14(1), 51-74.
<https://doi.org/10.1080/15298868.2014.950691>
- Missé, M. (2013). *Transexualidades: otras miradas posibles*. Egales.
- Mitchell, L., MacArthur, H. J., & Blomquist, K. K. (2021). The effect of misgendering on body dissatisfaction and dietary restraint in transgender individuals: Testing a Misgendering-Congruence Process. *International Journal of Eating Disorders*, 54(7), 1295-1301.
<https://doi.org/10.1002/eat.23537>
- Pelusi, C., Costantino, A., Martelli, V., Lambertini, M., Bazzocchi, A., Ponti, F., Battista, G., Venturoli, S., & Meriggola, M. C. (2014). Effects of three different testosterone formulations in female-to-male transsexual persons. *The Journal of Sexual Medicine*, 11(12), 3002-3011.
<https://doi.org/10.1111/jsm.12698>
- Platero Méndez, R. L. (2014). *TRANS*exualidades: acompañamiento, factores de salud y recursos educativos*. Edicions Bellaterra. <https://www.etsex.cl/wp-content/uploads/2021/05/Platero-Mendez-R.-L.-2014.-TRANSexualidades.-Acompanamiento-factores-de-salud-y-recursos-educativos.pdf>
- Sánchez-Sánchez, A. M., Ruiz-Muñoz, D., & Sánchez-Sánchez, F. J. (2024). *Mapping homophobia and transphobia on social media*. *Sexuality Research and Social Policy*, 21, 210-226.
<https://doi.org/10.1007/s13178-023-00879-z>
- Sedgwick, E. K. (1990). *Epistemology of the closet*. University of California Press.
- Stryker, S. (2008). *Transgender history*. Seal Press.
https://transreads.org/wp-content/uploads/2019/03/2019-03-17_5c8eb1ebaced4_susan-stryker-transgender-history2.pdf

- Tonon, G. (2009). La entrevista semi-estructurada como técnica de investigación. En G. Tonon (Comp.), *Reflexiones metodológicas sobre investigación cualitativa* (pp. 31-49). Prometeo Libros.
https://colombofrances.edu.co/wp-content/uploads/2013/07/libro_reflexiones_latinoamericanas_sobre_investigacin_cu.pdf
- Turner, V. (1967). *The forest of symbols: Aspects of Ndembu ritual*. Cornell University Press.
- Turner, V. (1969). *The ritual process: Structure and anti-structure*. Aldine Publishing.
- Unger, C. A. (2016). Hormone therapy for transgender patients. *Translational Andrology and Urology*, 5(6), 877-884. <https://doi.org/10.21037/tau.2016.09.04>
- Van Gennep, A. (1960). *The Rites of Passage* (M. B. Vizedom & G. L. Caffee, trad.). University of Chicago Press. (Obra orixinal publicada en 1909). <https://archive.org/details/theritesofpassage>

Apéndice I: entrevista ao Éric Dopazo

00:00

NEE: Estou grabando tamén... Perfecto.

00:06

NEE: Pois moitas grazas Éric, por acceder a formar parte desta investigación para o meu TFG. Antes de nada, teño que pedirche o consentimento de se aceptas por unha parte ser entrevistado para falar arredor de ritos de transición, liminalidade e a túa experiencia como persoa trans, e se aceptas que isto sexa grabado para despois transcribilo e utilizalo no estudo do meu TFG.

00:30

ÉRIC: Aceptarei.

00:32

NEE: Moitas grazas.

ÉRIC: As que eu teño. Iso podo dicilo?

NEE: Si, podes dicilo.

00:38

NEE: Como che dixen antes de comezar a grabar, isto vai ser unha conversa distendida e simplemente quero que te expreses con toda a liberdade do mundo, e que se en calquera momento hai algo que non te sintes cómodo respondendo ou que prefires falar doutra temática, ou mesmo ti tes algunha pregunta sobre o funcionamento disto, ou sobre como vai ser utilizado todo isto: ti en calquera momento podes pararme...

ÉRIC: Sen problema.

NEE: reconducirme...

ÉRIC: Vale.

NEE: facerme preguntas..

01:02

NEE: Entón, antes de nada, como isto é unha entrevista arredor de ritos de pasaxe, liminalidade e persoas trans, quería comezar preguntándoches se te podes presentar un pouco e contarme como te defines ti concretamente con respecto ao teu xénero ou á túa identidade.

ÉRIC: Pois chámome Éric e son un home trans.

01:22

ÉRIC: Canto menos diga menos tes que transcribir.

NEE: Ti conta o que che apeteza.

ÉRIC: pero que queres que che conte, o meu contexto?

NEE: Non, non. Simplemente como te defines.

ÉRIC: Como un home trans.

NEE: Un home trans, vale.

01:32

NEE: Que pronomes utilizas?

ÉRIC: El.

NEE: Vale.

ÉRIC: Il, que é máis...

NEE: Il? Por variante dialectal?

ÉRIC Si, gústame.

01:42

NEE: Concretamente, agora vamos falar de moitas cousas relacionadas coa túa transición. Entón a min intéresame comezar preguntándoches, ti, por exemplo, cando falas de ti no teu pasado, antes da túa transición, como fas?

ÉRIC: En masculino.

NEE: En masculino, co teu nome que utilizas agora?

ÉRIC: De feito, cando a miña nai conta historias de min cando era pequeno, como pasou hai un rato, agora faino así, porque pedín que non usara o deadname... e así.

02:07

ÉRIC: Quero dicir que, aínda que me leran como unha rapaza, eu considero que nunca fun unha rapaza, aínda que me socializaran como unha rapaza... sabes?

02:16

NEE: Con respecto a isto, ti consideras que hai como... ou ás veces ao falar, se cadra non de forma consciente, ou de forma máis inconsciente, ou de forma completamente consciente: ás veces consideras que hai que unha parte de ti antes e unha parte despois? Ou falas de ti como se houbese dous momentos?

02:35

ÉRIC: Si, creo que eu fun persoas distintas, claro. Creo que, durante mitá da miña vida fun un proxecto de min e que agora podo ser eu.

02:43

NEE: Dentro dese proxecto de ti, ti algunha vez utilizas palabras como en plan, "versión morta" ou incluso esta palabra que se utiliza de "nome morto", "necrónimo", para falar de todo iso?

ÉRIC: Si que digo o de "deadname", pero non creo que... ou sexa, quero dicir: creo que, en certo xeito, estaba como medio morto, pero non digo... ou sexa, non me considero...

03:02

ÉRIC: Si que sinto que son dúas vidas distintas. E igual que hai cousas do meu pasado que considero totalmente alleas, hai outras cousas da miña versión actualizada 5.0 que me costa moitísimo integrar. Pois, por exemplo, a voz, sabes? Que digo uf... que a miña lingua materna era a voz que tiña antes. Aínda que me daba moitos problemas, pois, afacerme a esta... buf, pois é un proceso.

03:25

NEE: Podes desenvolver un pouco máis ao redor disto?

03:27

ÉRIC: Que me baixara a voz, pois para min foi impactante. E ás veces sinto que non sei cal é a miña voz nin á hora de falar, e desquícime moito. Pois por exemplo... sabes? Creo que teño unha maneira de falar moi complaciente... Alok, esta persoa non binaria de Nova York que ten ascendencia India, sabes? Di que ten como síndrome do impostor de estar vive.

03:55

ÉRIC: E a min ás veces pásame. Como que pasei tantos anos sendo como... obviado, que creo que me axudou a expresarme mellor e a facerme entender ben. Pero si que a veces sorpréndeme que a xente me vexa, ou que me escoite.

NEE: Que interesante isto...

04:11

NEE: Con todo isto, tamén me parece interesante preguntarche se ti consideras que a túa transición... ou ti á hora... mesmo de contarlle a túa transición a outra xente: cando falas disto falas como se fose un proceso, algo máis continuo, ou como se fose un cambio brusco de "antes era dun xeito e agora son doutro".

04:29

ÉRIC: Non, creo que é un proceso. Pero, quero dicir, non creo... o sea, terminará cando morra, non? Pero si que teño presente que todo o mundo transita do onte ao mañá. E iso alíviame (risas).

NEE: Que bonito.

ÉRIC: Grazas, Nee.

04:41

NEE: Falando disto de transitar, algunha vez escoitaches falar do concepto dos ritos de pasaxe?

ÉRIC: Si, algunha vez. Nun podcast que hai por aí, dun té... sóache?

NEE: Si, sóame un pouco porque é o meu podcast.

ÉRIC: Ahhh vale!

NEE: (risas)

ÉRIC: (risas)

04:56

NEE: Ti, dentro deste concepto dos ritos de pasaxe, pensas, antes de comezar a falar de todo que é a túa transición, de se existiron ou non... ti consideras que é un concepto que poidas aplicar facilmente a túa vida? Quero dicir, ti escoitas falar dos ritos de pasaxe e dis: ai si, pois isto é algo que eu podo ver que me pasou a min na miña vida e que...

ÉRIC: Inconcientemente, porque como que non tiña o término definido, ao millor, pero si que... Jo, pois teño moitas efemérides na cabeza, e si que son bastante ritualístico neste... Creo que vivo moito no pasado. Entón creo que si que teño isto presente.

05:36

NEE: Podes explicar un pouco máis?

ÉRIC: Creo que, máis que centrarme no ritual, céntrome en comparar un ano con outro... sabes? A ver, a veces eso sale ben, a veces non tan ben. Pero... creo que me costa moito estar no presente. Xa sexa por ansiedá ou por nostalxia, e creo que non me é alleo este concepto dos ritos de pasaxe.

05:55

ÉRIC: De feito creo que romantizo moito pois... Sólo valoro o presente coma... pensando no pasado que vai ser. Sabes? Osea... eu cando... a ver, que non sei explicalo... Un minuto, eh?

NEE: Temos tempo, non te preocupes.

ÉRIC: Grazas.

06:17

ÉRIC: Cando ás veces estou na miña casa, saco a libreta e escribo algo, pois a veces escribo algo porque necesito, pois, desafogar o que sexa. Pero hai unha parte do meu cerebro que di: "isto vai quedar eiquí para a prosperidade". Que ao mellor non lle importa a nadie, e ao mellor pudre. Pero a veces é como, "uí, hai que ter cuidado". Sabes?

NEE: Paréceme moi gracioso isto de ter cuidado, e ver o presente como pasado.

06:43

NEE: Se queres podemos pasar a falar de, pois disto... a transición.

ÉRIC: Vale.

NEE: Concretamente, podemos comezar polo momento de antes de saír do armario. Se me podes contar un pouco como e cando comezache a decatarte disto de que eras trans?

06:58

ÉRIC: Pois desde pequeniño. Cando empecei a falar, pois empecei a mencionarme en masculino, a xente non entendía... Á miña nai dicíalle: "mamá, chámame por un nome de neno e eu veño correndo". Á miña nai non lle gustaba ese xuego. Cando me bañaban co meu primo, dicía: "por que el ten pito e eu non?", sabes? O típico.

07:14

ÉRIC: Cando me preguntaban no cole que quería ser, decía: "profesor de inglés". E a profesora decía: "dirás, profesora". E eu decía: "eh, non" (risas). Entón, pois quero dicir, sempre foi unha cousa que estivo aí, e aprendín a calala porque... porque vía que o meu entorno non a entendía moi ben.

07:29

NEE: E cando foi, máis ou menos, ese momento de... comezar a entender que iso tiña unha palabra ou que podías facer algo con todo eso que sentías?

ÉRIC: Pois eu creo que con 13 anos empecei... Creo que tiña como 13 anos cando saíu esto... a noticia na... no telexornal do señor este que quedara embarazado, Thomas Beatie, sabes? E si que me quedara así como: "uí, pero isto existe? bueno, pero eu non quero ter un bebé na barriga, tal, non sei que". Entón, pois, desconcertárame moito. Pero abriume como unha.. sabes? Idea na cabeza. E logo si que empecei a ver representación de persoas trans na serie esta de "The L Word". E empecei a buscar foros cando chegueu a internet a casa da miña abuela... Obviamente facíao a escondidas, sentíame super sucio, e malo, e desviado.

08:11

ÉRIC: En torno aos 15 anos foi cando xa era como... si, esto... xa tiña o vocabulario.

NEE: Claro.

ÉRIC: Pero, de non ter tido internet creo que non tería... razonado... pois con axilidade, sabes? Porque as únicas referencias que había eran xente como La Veneno na tele... i eu non quería... Non me vía reflexado nunha persona da que se rían na tele en prime time, sabes?

NEE: Claro.

08:34

NEE: Con respecto a isto, entendo que... se cadra non, corríxeme; pero ti tiveches como algún proceso de experimentar co teu xénero ou de cuestionarte para chegar a esta conclusión. Podes contarme se houbo ese proceso ou se non o houbo?

ÉRIC: E que, máis que experimentar, eu tiña moi claro de base. Pero como todo o meu entorno invalidaba quen eu era, pois eu convencínme de que era o que a xente vía. Entón pois empecei a socializar como se esperaba que socializara... sin moito éxito, hai que decilo. Pero quero dicir, chegueime a olvidar de que eu era, sabes?

09:09

ÉRIC: Entón claro... aínda que olvidara a nivel racional... creo que nunca o souben a nivel racional... para min era natural, sabes?

NEE: Xa.

ÉRIC: Pero a miña única maneira de mostrarme como quen era, era ser a máis bollera do pueblo, como quen di, non? Entón, em... pois tardei tempo en desfacer ese nudo. Pero creo que foi como un proceso imposto, e que si se me escoitara desde o principio, non necesitaría transitar.

09:36

ÉRIC: Si vivíramos nunha sociedade que non é tan binaria, pois ao mellor nin sequera me operaría. Pero, bueno... como todo vai atado a uns estereotipos de xénero, pois... eu decidín non rallarme máis tendo que corrixir a xente por tratarme en femenino.

9:52

NEE: Dentro disto estabas falando de que ti estabas como nun papel, que estabas finxindo... Houbo como algún rito, algún momento importante para ti que ti non puideses vivir como ao 100% por culpa de estar vivindo ese papel? Por exemplo, eu penso... digo por darche algunha guía: eu como persoa trans tamén, se cadra, a miña comuñón...

ÉRIC: Definitivamente.

NEE: ...non a vivín como o rito de pasaxe que é para todas as persoas, porque eu estaba vivindo como nun papel que non era o meu.

ÉRIC: Xa. O sea, merecemos un Goya á interpretación máis duradeira.

NEE: (risas)

ÉRIC: De verdá...

10:29

ÉRIC: Pois si, todas as miñas comuñóns... todas as miñas comuñóns non, ou sea, a miña e toda a da miña vida social, quero dicir... tiña que ir con faldas as... comuñóns da xente. Unha festa que debía ser un sitio no que tu comías gominolas hasta rebentar e pasábalo ben, pois eu estaba como visiblemente incómodo ou montando un cristo. Ou cando me levaban a misa de pequeno, sabes? Á misa do pueblo. Recordo que me puñan vestidos, e miña tía díxerame: "que guapa vas!". Recordo que rompera o chicho, en plan, bueno, rompín o vestido e levávanme co vestido roto a misa. Quero dicir, tremendos cristos, non?

11:00

ÉRIC: E outra cosa que.. que si que me... irritaba moitísimo era que, por exemplo, nos grupos de música nos que estaba, xa fora de gaitas ou coral, tiñan como uniformes moi distinguidos. E ter que usar falda, o sea, a parte de... bueno da temperatura, non? Que facer un pasarrúas, con falda, é, bueno... non sei, debería ser ilegal... puf para min era como humillante, pero gustábame tanto ir tocar, que me... quero dicir, non puíden nunca disfrutar plenamente de tocar, porque estaba todo o rato sentíndome... incómodo, pero non solo a nivel físico ou temperatura, sabes?

11:35

NEE: Claro. Dentro disto, sei que dixeches que para ti era algo moi natural e que xa tiñas desde pequeno como esa idea de que ti eras un rapaz, e sabíalo e... simplemente foi que durante un tempo che obrigaron a performar ou a actuar dun xeito que non era... pero, houbo algún momento que fose como un punto de inflexión para ti? De dicir... pois "son un home trans, identifícome así e seino, acaba de pasar isto e... téño claro". Se cadra non foi un punto de inflexión, pero...

ÉRIC: Xa...

NEE: Algún momento que... que recoñezas aí.

12:06

ÉRIC: E que eu creo que houbo moitos, e sobre todo pois cando no instituto empezaron a chamarme travelo, jo, eu xa me olvidara, eu tiña todo borrado, tiña todo debaixo da alfombra, sabes? Tiña a CPU en blanco, amigui. Entón pois, cando empezaban a chamarme travelo, logo chamábanme bollera de pueblo, cousas así.. digo, quero dicir, que me fascina como o insulto poder axudar, tristemente, a ubicarte, sabes? Que algo que se usa pois pa ferirte... realmente é como, guau, en serio que o estaba vendo xente que non me quería... e a xente que me quería non o quería ver?

NEE: Xa.

12:37

ÉRIC: É como moi... guau, o sea, como te pode ver alguen que non te quere? Paréceme unha contradición tochísima. E que quen te quere non poida verte como eres... Entón, pois, creo que si que o tema dos insultos foi bastante... non me axudou a transitar,

NEE: Claro.

ÉRIC: porque me causaba rexeitamento esa etiqueta, sentía que era algo malo porque esto viña acompañado da representación que había na tele, pero creo que eso...

13:06

ÉRIC: É que era moi raro, porque logo chegaba a casa, e como que se... a violencia duplicábase porque era como: "claro e que é culpa túa por non levar pendentes".

NEE: Xa.

ÉRIC: Entón era como... dios. Non podía estar cómodo nin a nivel clase nin a nivel vestimenta. Entón creo que eso si que foi un punto de inflexión, o tema do acoso escolar.

13:29

NEE: Hai algún outro máis que quieras comentar ou...?

ÉRIC: Mmm... Tou pensando, eh?

NEE: Si, si.

13:34

ÉRIC: Bueno... cada vez que volvía a clase en Setembro e vía que o resto de rapaces tiñan a voz máis grave, ou estaban máis altos, ou tiñan a cara máis cuadrada, ou tiñan pelo que lle empezaba a saír na cara. Era como... guau... de puto milagro non matei a nadie, porque a frustración era tochísima. Ou cando me empezaron a salir tetas... recordo que durmía boca abaixo porque pensaba que, se as aplastaba non me me nacería. Pero, como non funcionaba, pois púñame boca arriba por si a forza da gravidade... E logo púñame de lado e nada daba fruto, entón pois nada.

14:12

ÉRIC: Estou falando moito e vas ter que transcribir todo isto?

NEE: Non te preocupes por falar moito, eu agradezo que fales moito porque así podo...

ÉRIC: Vale.

NEE: ...analizar máis cousas. Penso que están saíndo cousas super interesantes.

ÉRIC: Alégrome moito.

NEE: (risas)

14:25

ÉRIC: Outro punto de inflexión foi cando me din conta de que había factores que eu podía controlar. Cando tiña como 14 anos, enfermei moito e collín unha diarrea que flipa, pero que perdín peso. E de repente sentín que, cando estaba flaco, a xente non me

notaba o peito. Entón a xente tratábame en masculino. Entón, empecei a investigar en internet como consumir poucas calorías, empecei a contar todas as calorías que comía, empecei a comer as cousas calóricas pola mañá, as menos calóricas pola noite e... pois desenvolvín un TCA. Pero, co tempo, dinme de conta de que en vez de ir a millor... Ou sexa... A millor en plan, a que remitira o rolo do TCA... Eu non me vía gordo, pero vía que, ao non comer, tiña o que outra xente ten con bloqueadores, o sea: que te ven.

15:22

ÉRIC Ao cabo duns meses deixou de virme a regra, co cal eu estaba pletórico. En plan, pois non me notaban o peito e non tiña a regra. Que máis podía querer? Entón, pois claro, logo foise de mai, empecei a pesar cada vez menos, na casa vestiuse todo como dunha aparente intolerancia á lactosa da que nunca fixemos provas. O sea, era como: "ah, si, non é que non coma, é que lle fai mal o leite". Entón íamos a visitar casas e eu xa tiña unha excusa para non ter que comer do que comía a xente, sabes? Entón estiveron aí como a punto de ingresarme, e eu cheguei a convencerme de que probablemente igual tiña unha tenia. Era como, eu sabía que estaba contando as calorías, pero... era un... delirio colectivo de finxir que non estaba pasando iso.

16:03

ÉRIC: Entón creo que... Neste momento digo, se tivera tido acceso a bloqueadores, non tería pasado iso, probablemente.

NEE: Claro. Paréceme moi interesante todo o que estás a comentar. Tamén grazas por comentalo.

ÉRIC: Nada.

16:18

NEE: Entendo que despois de todo este proceso de... pois iso, non saber a quen ou a como recorrer, que... axudas poder recibir, que... se cadra, non sei se sabías que existían os bloqueadores ou non...

ÉRIC: Que va! Non tiña nin puta idea, eu pensaba que estaba solo no mundo, joder.

NEE: Claro.

16:38

NEE: E cal foi o punto ou os puntos que che levaron a contarche... a contarlle a alguén que te identificabas como home trans por primeira vez?

ÉRIC: Pois eu creo que a desesperación de sentirme mal. Porque pasábame que cada vez que tiña temporada de exámenes, ou que tiña un estrés moi grande, que sempre coincidía con temporada de exámenes, pois empezaba o sea... Estudaba pola noite, non? Entón, pois nos descansos vía vídeos de rapaces trans que contaban os cambios das hormonas e tal. I entón era como, "buah, eu creo que sería moi feliz se puidera facer isto". Pero acababa a temporada de exámenes e era como, "bah, non... non, ni de coña!". Pero cada vez que volvía a haber un examen, ou algo que me causaba angustia... Eu que sei, algunha persona da familia enferma e eu recordaba que ía morrer nalgún momento, como que me entraba o apremio.

NEE: Claro.

ÉRIC: Eu que sei, si.

17:31

NEE: E cando llo contaches a alguén por primeira vez, lembras?

ÉRIC: Si, a miña nai conteillo con 15 anos. Pero ela borrou o casete (risas). E dixera que non... que o respetaba, pero que non o compartía. Que a xente era moi mala, que non me ía apoiar... Entón, pois bueno. Ela, querendo protexerme, pois... non o fixo.

17:53

ÉRIC: Pero bueno, logo xa, pois intentei dos 15 aos 22 botar terra encima deso, olvidarme de que eso pasara, que eu era quen era, e con 22, rebentei, en plan, ya, osea... E entón foi como todo moi abrupto, a miña nai de repente era como que lle era noticia nova, sabes? Cousa que me angustiou moito. Todo o mundo me pedía paciencia...

18:22

NEE: Entón, entendo que dos 15 aos 22, volviches meterte un pouco dentro do armario.

ÉRIC: Si, si.

NEE: E non llo contaches a ninguén?

ÉRIC: Non. Pois non. Se a túa nai che di que non te vai apoiar a quen carallo llo vas contar?

NEE: Claro.

18:33

NEE: E xa con 22, como foi ese proceso de xa.. saír do armario?

ÉRIC: Pois pasábame eso, que na universidá pois, cada vez que tiña un estrés... pensaba nesto. Recordo que a miña bisabuela estaba moi enferma. I eu pensaba nesto e decía "xa, pero eu non lle quero dar un disgusto. Entón non sei se esperar a que ela... falte. Entón, pois recordo que ela morreu un 8 de marzo, ou 7 de marzo. E o 1 de abril pois cambiei o nome en redes e xa fora falando coa miña nai. Quero dicir, para a miña nai foi moi duro porque acababa de perder a súa avoa e tiña que facer outra dó.

NEE: Claro.

19:07

ÉRIC: Pero eu non podía esperar máis. Recordo que, o agosto anterior, contárallo a unha rapaza ca que eu estaba e... Fora... tivera unha reacción moi... que me sorprendera moito que, que... pois a... botouse a chorar e dixo: "é que nunca vas ser feliz porque nunca vas salir de aquí". Ou sexa, non me dixo, "tes que salir". Díxome "nunca vas ser feliz porque nunca vas salir de aquí". E chocoume tanto e impactoume tanto... Que me axudou un montón porque nese agosto foi cando empecei a socializar como Éric, e logo como que me daba moito medo que os meus dous mundos coincidiran. Nesa etapa de empezar a facerlo en secreto porque había tanto escepticismo e tanto... "igual te equivocas", por parte da sociedade en xeral, que me daba moito medo que realmente me estivera equivocando e que puidera mancar a alguen con eso. Entón... sobre todo á miña bisavoa, non? Pois de agosto a abril foi como unha cousa... extendida no tempo, que me costaba soste. Era como un pouco ser un espía.

NEE: Claro, entón tiñas como... dúas vidas diferentes ao mesmo tempo.

ÉRIC: Basicamente.

20:17

ÉRIC: E costoume moito, tamén... Veume moi ben, para poder empezar a mencionarme en masculino sen sentirme culpable, porque me sentía culpable. I ao mesmo tempo desenvolvín esta habilidade de non usar adxectivos, sabes?

NEE: Claro, para que non se decatasen de que...

ÉRIC: Claro, non me trataba en feminino na casa, o sea, quero dicir, evitaba usar adxectivos. Vamos, tremenda maestría.

20:39

NEE: E a partir de aí supoño que tiveches que saír do armario moitas veces, porque ao final a túa contorna acabouno sabendo, non?

ÉRIC: Sí, claro.

20:47

ÉRIC: Creo que das primeiras... dos primeiros seres cos que saín do armario foi ca miña gata. Pero, para min empezar a tratarme en masculino diante da miña gata foi como... jo... era como un espazo seguro, no que ela lle daba absolutamente igual, pero para min era moi importante a Blanqui. E... si que me fixo moito ben poder falar e mencionarme a min en masculino. Empoderoume moito, sobre todo cando falaba con xente que... que me lía como muller e empezaba a tratarme en feminino... eu sentíame como descuberto e procedía a tratarme en feminino porque non sentía que eu merecera tratarme en masculino. E co tempo fun como... reclamando ese espazo.

NEE: Claro. Entón foi un pouco como un paso, tratarte en masculino coa túa gata.

ÉRIC: Si, moitísimo!

21:39

NEE: Despois, claro, ás veces hai un pouco esta idea de que saír do armario é algo que fas unha soa vez, e xa estamos vendo que, no teu caso non foi algo dunha soa vez. Que tiveches que facelo e que en diferentes espazos estabas vivindo como, incluso case como se foses diferentes persoas.

ÉRIC: Si.

NEE: Entón, quería preguntarche se ti, despois, cando o contaches tiñas como... algún xeito de facelo, ou tiveches... como foi iso?

ÉRIC: Pois teño moi borrada esa parte da miña vida, a verdá (risas).

22:18

ÉRIC: Si que... A veces era como... baixo... quero dicir, baixo presión? Algunhas cousas déronse baixo presión e outras cousas déronse... pois porque non había... basicamente baixo presión. En parte... ou sea eu quería falar deste tema, pero sabía que non era o momento. A miña psicóloga do COF, esa puta tarada... como que forzou a maquinaria. E era como: "tal día temos consulta e xa me dirás como che foi". E era como: "eh, ola?". A miña nai... Quero dicir, eu necesitaba falalo, pero claramente a miña familia non estaba preparada. O 1 de abril tiña consulta con ela e tiña que chegar e dicirlle que todo ben. Sabes? Entón pois, pois nada. Fíxeno, pero por exemplo o meu pai, recordo que entraran na miña habitación e que me dixera: que lle fixeches a túa nai que está chorando?

NEE: Xa...

ÉRIC: I entón túvenllo que dicir. Quero dicir... non... Sin embargo el... como que era máis proactivo a... "si quieres, acompañaate". Pero eu tiña unha relación un pouquiño regulinchi co meu pai nese momento e foi como, "non quero nada de ti". Sabes? Pero si que recoñezo que me ofreceu axuda e non lla aceptei

23:25

NEE: Pois xa que... esa parte a tes un pouco borrada, podemos falar doutras. Que a min tamém me interesa, en canto a toda a transición, algúns elementos. Vamos ir falando deles, como sempre, volvo lembrarte que, se en calquera momento hai algún tema que non che apeteza falar ou que...

ÉRIC: Non creo.

NEE: Ou incluso dis, pois apetécame contar esta outra cousa que non está tan relacionada co tema, pero penso que pode ser interesante.

ÉRIC: Vale.

NEE: A min interésame recoller canta máis información mellor.

ÉRIC: Xa.

23:55

NEE: Agora, algo que me apeteceía falar contigo era sobre a escolla de nome. Porque claro, á hora de transicionar moita xente escolle un novo nome. Ti entendo que si escoliches un nome, e quería preguntarche un pouco como foi esa escolla de nome.

ÉRIC: Pois foi, mira... eu estaba como ca cabeza noutro puto planeta e non lle din a intencionalidade ou a dedicación que a xente lle suele dar. Recordo que eso... que estaba con esta rapaza, Sandra chámase, e estabamos barallando nomes, non? E, entón díxenlle: "Edgar". Porque xa, de feito, pasara unha cousa na adolescencia, que igual non a teño que contar, pero bueno, vouna contar.

NEE: Conta, conta.

24:34

ÉRIC: Estaba con colegas e íbamos ao cine. E entón fun ao baño antes de ir ao cine. E entón unha señora chamoume sinvergüenza e decía: "¿qué haces en el baño de las mujeres?". Entón, es minhes colegas dixeron: "ja ja, no sé que, cómo se pasó la vieja, no sé que!". E entón empezamos con, "eh! no sé que, Edgar", sabes? E entón, pois eu recordo que cambiara o nome no Tuenti, que fora un

acontecemento. O sea, yo ya estaba dando pistas amiguís, vale? Tiña 16 anos, entón xa llo contara a miña nai pero bueno, sen máis. Pero seguía socializando co meu outro nome. E... eu como que baraxáramos nomes e tal... e bah, saíra Eric, e pff... non recordo máis. Pero recordo que a Sandra, esta persona, era a típica persona que... pois... típica? Non tan típica. Que che pon as ferramentas na mau para que poidas usalas. Entón, recordo que ela intentaba como crear os espacios para que eu puidera estar tranquilo. Pois, socializar con colegas súes que non me conócían de antes, e presentarme como Éric directamente... E un día, acompañeina a un concerto que daba, e era como na Gudiña. Presentome a todo autobús como Éric. Entón xa quedou Éric.

25:45

NEE: E para ti foi importante ese cambio de nome? Foi como un punto de inflexión?

ÉRIC: Claro que si, porque era como que podía existir nalgún sitio. Aínda que fora nun festival de rock, na Gudiña. Sabes? Durante un día enteiro.

NEE: Que guai.

ÉRIC: Si.

26:03

NEE: Unha vez escollido ese nome, fíxeches algo... que pode ser que non, pero sei que hai xente que o fai, entón preguntóche por se ti fíxeches algo semellante, como para... celebrar ou recoñecer ese nome, algún tipo de festa, algún tipo de...

ÉRIC: Non, inicialmente non. Inicialmente creo que lle prendín lume ao mundo, cambiándoo no Facebook, e recordo que a miña nai que me borrara do Facebook para non velo.

26:31

ÉRIC: Pero é curioso, porque estaba tan hasta as narices de salir do armario persoa a persoa, que foi como... vamos ao práctico, sabes? E recordo que, bueno, pois que... Todo o mun... O sea, sorprendeume moito a reacción da xente porque foi bastante, en plan, positiva. A xente que opinou pa mal non mo dixo. A miña nai si que tiña moito medo deso, non? E recordo que había xente no pueblo, por exemplo, que non tiñan Facebook, que lle decía ao millor a filla: "ai... sabes que a filla da Eva, agora di que se chama Éric, non sei que". E contestaba a señora: "pero cando foi unha rapaza?". Sabes? Como, en plan, "esto ya se veía venir". Entón, sorprendeume moito que a xente maior fora quen millor o entendera.

27:14

NEE: Por esa outra parte, se cadra non tes como esa festa que algunha xente fai para celebrar o nome, porque non toda a xente trans o fai, pero si que, nalgún momento, fíxeches algo... por simbólico que fose, para desvincularte dese deadname que dicias antes?

ÉRIC: Pfff... Cambiar, quero dicir, hai xente que di: "ai non cambio as cousas no rexistro porque son unha persoa vaga". Cambia absolutamente todo. E de feito en urxencias segue estando o vello. Pero bueno, é gracioso, se te paras a pensalo.

27:43

NEE: Xa que falas disto de cambiar no rexistro os teus datos, entendo que para ti foi como outro punto de inflexión.

ÉRIC: Sí, bastante. Foi bastante largo. Foi... puxéronse bastantes impedimentos e hubo xente que, sin conocerme de máis ca de verme unha vez, foi testificar a xuízos porque estaba en posición de poder facelo, estaba en posición de poder, en plan, estou falando de xente, bueno, de ámbitos profesionais relativos ao cambio de nome. Xente que... se perdeu unha mañá por ir ao rexistro dicir que si, que tiña dereito a un DNI sen hormonarme. Por isto, por isto, ou por isto. Porque naquel momento obrigábante, non?

28:23

NEE: Podes explicar un pouco máis como foi o proceso? Polo miúdo?

ÉRIC: Pois, eu non me quería hormonar, porque non quería que me cambiara a voz, e menos de maneira abrupta, porque nese momento o meu sostén económico era tocar na rúa ou en bodas. E dábase moito medo, porque eu vía como me estaba indo en

psicología, e dábame moito medo que en endocrinoloxía fora igual de horrible. Entón foi como, buah, non sei se quero hormonarme, sei que ten cousas boas, sei que ten cousas malas, pero sei que en Ourense non hai moita xente preparada para isto. E dábame bastante pánico que se parecera ao que estaba pasando en psicología. Entón, pois non me quería hormonar. Pero pedínlle ao médico de cabeceira que por favor que puxera nun papel que eu non me podía hormonar polo que fose, para que me puideran dar o DNI, e el dixo: "Yo no puedo mentir!". E foi como: "Ah. Vale, genial, gracias". Pero, fíxoo outra xente que non era a miña médica de toda a vida, sabes?

NEE: Si.

29:21

NEE: O proceso de cambiar o DNI despois diso, foi longo, curto...?

ÉRIC: Un ano e medio! Un ano e medio pedíndome papeles que xa aportara. O sea, era un mareo, joder! Túvenlle que dicir á psicóloga que test me tiña que practicar, as preguntas eran absurdas... Bueno, xa saberás. Me gusta arreglar cerraduras? Del 1 al 5? En serio? Me gustan los vestidos, las muñecas, los coches? Que te pasa? O sea que me parece increíble, porque, se ser home fora unha cuestión de mérito, eu teño o teórico e teño o práctico, sabes?

29:49

NEE: E unha vez xa conseguido ese DNI, esa documentación... entendo que para ti foi como ese punto de inflexión do que falabamos. Tiveches algún tipo de celebración ou algo que fixeses, por pequeno que fose, por celebrar iso ou por marcar iso de algún xeito? En plan, "acaban de darme o meu DNI".

ÉRIC: Compartírao en redes pero non recordo facer ningunha festa. Recordo que fora o 17 de xaneiro de 2018, e cada 17 de xaneiro, pois é o cumpleaños do DNI. Quero decir, que é un cacho de plástico, non? Pero, pois para min significou poder estar respaldado a nivel legal e poder chegar a un sitio e decir, pois non me chames así, chamame así. Ou poder...O meu pai, recordo que cando quería ser ferinte, dicía, que pon o teu DNI? Sabes? Ao principio, cando non o entendía. Dios, que placer ter un DNI, de verdá! Marabilla!

30:38

NEE: E ese aniversario do DNI do que falas é algo que recordas cada ano? Fas algo cada ano?

ÉRIC: Non, non fago unha festa, pero si que, pois, a veces cando estou triste ou mal, penso e digo, creo que, relativizando, o meu mal de agora é o meu ben de hai nove anos.

NEE: Podes explicar?

ÉRIC: Creo que, hai nove anos, non tiña a tranquilidade que teño agora de ir a calqueira sitio, que me pidan pagar con tarxeta e que non teña que dar explicacións a nadie. Que poida ir coller un libro á biblioteca sin que nadie me diga "este DNI non é o teu". Quero decir, ir a unha entrevista de traballo e non estarme preocupando de, si me collen, ter que dar explicacións. Quero decir, unha noticia boa, que era que me colleran nun traballo, pois causábame moita angustia. Porque a vez que pasou, porque me fartei de repartir currículos, a vez que pasou, ese momento dixeran: "chegou". E sin embargo pois non, foi moi ben, porque a persoa en cuestión, cando lle din o DNI, foi como "ah". Sabes? Como que non mirou o DNI: eu expliqueillo e foi como super respetuosa con esse tema.

NEE: Que ben.

ÉRIC: Xa.

31:50

NEE: Antes falabas de... pois hormonación, e non entramos moito. Quería preguntarche agora, facer unha serie de preguntas con respecto ao corpo, como concepto. De novo, se hai algunha cousa que teñas que poñer un límite...

ÉRIC: Que nooo...

NEE: ...podes, en calquera o momento dicirme e saltamos a outro tema.

32:08

NEE: Bueno, o primeiro que che quería preguntar era se te hormonabas, xa dixeches que si. Entón, preguntarche un pouco como foi o proceso para conseguir esas hormonas e como foi tamén esa decisión, porque ti dixeches antes que ao principio non querías hormonarte, que che daba medo, que tiñas iso de que ti cantabas, era o teu sustento... Como foi esa mudanza de, pois, "si que quero, e vou comezar"?

ÉRIC: Pois, mira... conseguín un traballo que non dependía da miña voz directamente. Pasaba que fun a terapia e intentaba, pois, por exemplo, entender que iba a ter regra sempre, ou, quero decir, como... reconciliarme ca corporalidade, ou co que facía o meu corpo, e por activa e por pasiva intentaba como entender o tema da regra e saber que era unha cousa boa, pero cada vez que me viña era un drama. Por ritual, o ritual que tiña de comprar en lotes, ou sea, cando eu tiña a regra compraba tampós e compresas e usaba de todo á vez porque me daba pánico manchar. Pero que recordo que cada vez que iba ao súper, compraba como 4 ou 5 caixas para non ter que volver en moito tempo. O sea, dábase moitísima angustia, moita, moita, moita angustia.

33:23

ÉRIC: Pero era como "vale, se o compro todo xunto, pois paso a vergonza agora". En cambio, agora, cando teño que coller compresas para alguen, pois xa non me pasa, porque como xa non me len así, é como... guau, é que realmente a xente pensará que son un gran irmao, ou un gran primo, ou un gran mozo. Lamentablemente. Quero dicir que, xa non as necesito pero, non me causa a angustia que me causaba antes de ter un DNI ou antes de ter PASSING. Sabes?

33:53

NEE: Claro, entón...

ÉRIC: E que é como unha maneira silenciosa de darlles a razón... no que eles pensaban que era unha muller.

NEE: Entón para ti a regra antes era como algo que non sentías como propio.

ÉRIC: Era unha fonte de frustracións. Quero dicir, jo, doíame... Pois parecíame incómodo.

34:13

NEE: Podo preguntarche, como sempre, pon límites se non che apetece responder, pero pola primeira vez que tiveches a regra?

ÉRIC: Puf. Que cristazo, amigo!

ÉRIC: Recordo que era o 17 de maio de 2006.

NEE: Tes as datas moi...

ÉRIC: Porque era o día das Letras Galegas e pilloume na casa, amigue. Sabes? E entón, claro, si que me deran unha pequena charla por un anuncio que había de compresas, que aparecía unha señora con confeti i eu non entendía que onda aquilo... ou sea pff, explicáronmo como puideron, non? Pero menos mal que me veu na casa. E recordo que eu estaba como moi incómodo, moi hinchado, moi... "que está pasando? que es esto?" E fun ao patio da veciña, onda a súa cadela, e dixera algo como "xa me contou un paxariño que xa eres unha muller". E eu recordo que me caera o mundo encima, en plan "no... no!". Foi como... "menudo día de mierda!". Antes aquilo y ahora esto! Si, iso foi o primeiro día.

35:10

NEE: Volvendo ao tema das hormonas, por recuperar un pouco o fío que tiñamos antes, cando foi o momento en que dixeches: quero comezar?

ÉRIC: Pois cando estaba hasta as narices de falar deste tema en terapia, sentía que non avanzaban nel, e a veces é como jo, si que poñemos moito peso en aceptarte como eres e todo eso, pero realmente, hai como varas... osea, varias maneiras de medir a vida: en tranquilidade ou en... loita, i eu creo que xa estaba loitando en moitos aspectos e non quería loitar en todos, entón eu creo que merecía... Custoume moito aceptar que merecía descansar. E sentíame como un traidor. Como... Ha, claro é que se eu non desfago o constructo do xénero, quen o vai facer? I é como: "eh, tranquilo", sabes? Entón sentíame como un traidor, como que estaba facendo algo malo, como que non me estaba querendo o suficiente, pero estaba hasta as narices de... pois... de finxir que non me afectaba.

36:14

NEE: E como foi o proceso de conseguir as hormonas?

ÉRIC: Pois... Creo que moito máis doado que conseguir un DNI. Porque recordo que a psicóloga de feito insistía en "es que te tienes que hormonal, porque es que si no qué va a pasar". Ou a miña tía, que me quere moito, e que mo dixo con toda a bondá do mundo, díxome: "como non te vas...? O sea.... tu... Tu.... claro, non fagas como aquel que non se sabe se é un home ou unha muller". Entón era como guau. Era como... todo o mundo tiña unha opinión pero eu non sabía... A miña percepción das hormonas era que era unha cousa que te iba a matar porque era o que aparecía en todas as películas, era desastroso. Pensei moito, fixen moitas veces listas de pros e contras. E unha das que máis me preocupaban eran: quero vivir unha vida longa, descontento? Ou quero vivir unha vida máis corta, plena? Entón, como me din conta de que podía morrer en calquera momento, dixen, pois, mellor plena, y que dure lo que tenga que durar (risas).

37:16

NEE: Cando comezaches en hormonas, celebráchelo de algunha forma? Ou fixeches algo especial?

ÉRIC: Pois, recordo que empecei unha movida que non seguín porque era... mui traballosa, que era sacar unha foto cada día, destas... sabes? Pero... sen máis... Ti tamén? (risas) É que era moito traballo de dios, joder... Si... pero, e gustábame moito, pois... facíame moita gracia porque vivía ca miña amiga Lu e decíame: "Tes un pelo!", e vacilábame moito con eso... e era como... Rituales, non sei, pero vacile continuo, si. Pero a min facíame ilusión todo.

37:54

NEE: Con respecto a isto acabas de falar de... sacar unha foto cada día, que entendo que é un proxecto que ao final decaiu.

ÉRIC: Si...

NEE: Pero tiveches algún tipo de... xeito de rexistrar esas mudanzas que ías tendo?

ÉRIC: Pois empecei a grabar a voz e así. Non o... o sea... quédame pendiente facer unha comparación de agora, que creo que me acabou de mudar de todo... Pe... Xa era hora... Pero si que iba como, cada certos meses, como avaliando, cantando a mesma canción no mesmo tono e vendo como asentaba. E tamén unha cousa que fixo que non fora para adiante o tema das fotos é que un mes despois de empezarme a hormonal morreu a Blanqui, que levaba 18 anos na miña vida. Entón, fixome moito pensar nisto que dinde que dí de que as mascotas son como guías espirituais que veñen á túa vida para algo, e que cando non os necesitas... Bueno, un poquito utilitarista esto, non? Pero, que cando fan así como o seu cometido, que se piran (risas). A veces pensaba e era como... Non se piraría porque me empecei a pinchar? (risas) Non, estaba moi vella, a verdá, pobriña (risas).

38:56

NEE: E con respecto a isto de rexistrar a túa voz...

ÉRIC: Si.

NEE: e ir vendo como mudaba cada mes: para ti era algo simplemente físico, ou te axudou como a ver os teus cambios, a entender os teus cambios a nivel, pois, eso, concretamente a voz, máis a nivel psicolóxico ou para ti, para... darte conta de que iso estaba cambiando?

ÉRIC: Aínda que o tentei facer despacio, a nivel psicolóxico foi un esguince, porque non me ubicaba nada, desestabilizábame moito, que unha cousa que me regulaba emocionalmente como era cantar, de repente fora unha fonte de frustración. A día de hoxe sigo sin entender cal é a miña voz. Xa che digo que... cóstame. Que ten bondades moi grandes como que a xente non cuestiona que sea un home. Si que a veces pasa que, ao mellor se trato cunha persona moi maior, que ao mellor non está con todas as facultades, din: "nada, muller, nada", ou cousas así. Quero decir, creo que como que... Igual teño unha maneira de expresarme que non é... afortunadamente.... como... moi cortada polo patrón de macho-men, sabes? Pero creo que o feito de estar tranquilo connigo mesmo a nivel DNI, a nivel corpo, como que non me afecta como me afectaba ao principio. Ao principio... era un cristo. Non sei se estou contestando a pregunta ou se me estou indo.

40:14

NEE: Si, si, a min interésame todo o que estás contando.

ÉRIC: Creo que me desviei.

NEE: Pero está interesante porque sacaches como moitos temas moi interesantes.

40:27

NEE: Con respecto a isto das hormonas que estabas comentando, tamén de como te perciben, tamén de como ti... Bueno, supoño que tamén inflúe en como ti te percibes a ti mesmo, quería preguntarche se cambiou moito a túa relación co teu corpo.

ÉRIC: Flipas. Pero é que me sinto Benjamin Button a veces, porque de repente pasei de ser un neno a ser un señor. O sea agora hai xente que di: "dale las gracias al señor". Digo: "ola?". Teño entradas, pero teño 31 anos... sabes? Quero dicir, case 32, pero por favor eh... quero dicir que me sorprende moito porque sinto que me roubaron a adolescencia, non sei quen, pois, la vida. Como que me costa moito, teño unha autopercepción super distorsionada, porque de repente teño como un neno interior super presente, un neno que non puido ser. A veces hai que telo a raya, sabes? (risas). Pero, ao mesmo tempo... Cóstame moito falar con seguridade de temas que controlo. Síntome pouco audaz. Vexo homes cis coa miña idade que teñen menos idea ca min en calqueira cosa e non dudan en afirmar con rotundidade de cousas, sabes? Eu pensei que cambiaría coas hormonas e coa percepción, pero creo que é unha cousa de socialización.

41:45

NEE: E con respecto a ti... a túa propia relación co teu corpo...? Porque antes falabas, por exemplo, dese... Bueno, non se clasifícalo como odio, ou desa inseguridade de incluso chegar a desenvolver un TCA para intentar mudar o teu corpo. Agora, con estas hormonas, estás conseguindo esas mudanzas dun xeito como máis saudable...

ÉRIC: Si, claro.

NEE: ... ou que non che está supoñendo, pois todos os problemas que era, pois adelgazar obsesivamente. Notas aí unha mudanza na túa relación co teu corpo?

ÉRIC: Eu por un lado digo, odiaba o meu corpo? Porque é que eu creo que non é que odiara o meu corpo. Odiaba que o meu corpo non entrara nestes estándares e era a quen llo facía pagar. Pero o meu corpo sempre me serviu para dar abrazos, para comer, para ir correr polo monte ca bicicleta. O meu corpo... jo, é unha cosa moi increíble. E ponme moi triste telo tratado mal.

42:43

ÉRIC: Aí, que me vou poñer a chorar...

NEE: Se precisas parar un pouco...

ÉRIC: Pero... que va... non creo que fora odio cara o corpo. Creo que cando a xente di "odio cara o corpo", eu quero dicir actualización. Igual que quíte as moas do xuízo para que non me incordiaran, pois quíte os ovarios porque non ían ter unha función na miña vida. Quíte as tetas porque non iban ter unha función que non fora molestarme. Pero estou moi contento de, antes de telas quitado, ir á praia en tetas e terlle feito a tarde complicada a señores que mas miraban.

43:20

NEE: Antes de meternos nisto de outras... das operacións, e do tema das operacións... si que quería preguntarche se dentro das... da hormonación, houbo algunha mudanza en concreto que para ti supuxese un antes e un despois?

ÉRIC: Si.

NEE: Porque as hormonas teñen moitos efectos diferentes. Se houbo algún para ti que fose como... un punto de inflexión?

ÉRIC: O pelo na cara? Buah, increíble. A alopecia? Buah, increíble (risas). Quero dicir, que agora penso en ir a Turquía, poñer pelo e digo: "buah". Pero non é a angustia de: "vanme tratar en feminino se non teño pelo na cabeza", sabes?

NEE: Claro.

ÉRIC: Quero dicir, ten unha orixe completamente distinta. Ten unha orixe... pois nos estándares de beleza da sociedade, pero non me empeora a calidade de vida, sabes? Teño menos capital sexual? Pf, podo vivir con iso.

44:09

NEE: Pois... non sei se queres comentar algunha cousa en concreto de hormonas que penses que quedou atrás e que sexa interesante...

ÉRIC: Estou pensando, eh. Jo, pois, sobretudo ao principio gustoume moito, porque era como... Que aventura me depara o día? (risas) Non sei, que síntome que estaba moi presente, que estaba moi como vivindo o que non vivira na adolescencia e creo que foi un regalo, poder verme no espello e ver... a cara angulada e ver... bigote! E ver que me baixaba a voz... jo.

NEE: Que guai! Foi un pouco como esa puberdade que dixeches que non viviras.

ÉRIC: Total...

44:53

NEE: Agora, se che parece, podemos falar diso das... das operacións.

ÉRIC: Okay.

NEE: Ti concretamente... podemos comezar falando da túa mastectomía, que ti fixeches unha mastectomía bilateral. Se nos podes contar un pouco como foi ese proceso?

ÉRIC: Buah, pois unha lista de espera que flipas... Cando me chamaron, como que botei para atrás porque precisamente dábame moita angustia como fora o servizo médico en Ourense. Logo volvíno a empezar, cando me din conta de que non podía facelo pola privada porque estaba nunha situación bastante precaria... e ao final pois fíxeno pola pública en Ourense e... ben. Quero dicir, non son o David de Miguel Ángel, non me tallaron como deberían (risas). Quero dicir, as tetas de Musolas están moito máis perfiladas, pero... Están planas! Sabes? E levantarme pola mañá e poder poñer unha camiseta branca, sin preocuparme ou sin estar todo o rato tirando da camiseta para fóra, dáme unha paz mental... De feito, eso si que foi mui antes e despois. Porque por moito que tivera pelo na cara, a xente como que me miraba o peito para... comprobar, sabes? E, cando saín do hospital.. ou sexa foi salir do hospital e comprobar que efetivamente a xente xa me trataba en masculino. O sea, non... Nadie dudaba de nada... Aínda que eu estivera cunha faixa e puntos por debaixo.

46:15

NEE: E esa decisión de facer a mastectomía foi algo que che custou tomar, como a das hormonas?

ÉRIC: Non, levaba moito tempo querendo facela. Dábame moito medo facelo en Ourense porque non tiña confianza no sistema sanitario. Con toda a razón do mundo (risas). Pero... o sea, porque cada vez está máis privatizado, precarizado, e... bueno, que che vou contar? Pero non... o sea, era unha cosa que tiña moi clara.

46:40

NEE: Tiveches algún xeito de celebrar? Esa... ese antes e ese despois do que falabas.

ÉRIC: Creo que poder parar de traballar e poder estar presente, o sea, ter unha baixa e poder ver películas que quería ver, estar con xente que quería estar, xogar a xogos que levaba tempo querendo xogar, sentirme cuidado... foi moi bonito. E si que me axudou moito, por exemplo, primeiro fíxen a histerectomía antes da mastectomía. Para a histerectomía non avisei a miña familia, para a mastectomía, a miña nai díxome que lle gustaría estar. Recordo que o meu pai estaba moi mal da espalda, veume cuidar... Quero dicir, foi un proceso totalmente diferente, no que me sentín moi acompañado, moi querido e moi respetado. Entón pois... Poi foi moi bonito, por exemplo, chegar do hospital e darlle a sorpresa a miña abuela, que contaba conmigo ao día seguinte, e ver a súa cara de alegría... Si.

NEE: Que guai.

47:32

NEE: Non sei se, con respecto a isto da mastectomía, queres contar un poquiño máis sobre o que supuxo para ti. Chegar a facer esa operación e ver o resultado despois.

ÉRIC: Impactoume moitísimo, porque era como unha cosa que sempre ideara pero non non non... sabes? Ver que me puxeran os pezós... dixeron: "puxéronme os pezós moi arriba". De repente sentir os pezós tan arriba, era como rarísimo, sabes? Era como: "buah, están pegados ao meu corpo!".

NEE: (risas) Claro

48:03

NEE: Hai algunha cousa así en concreto da mastectomía que penses que che gustaría comentar ou...

48:15

ÉRIC: Aprendín que hai cousas moi bonitas detrás do medo e do dolor. Dolor... bueno, quero decir, non... non padecín moito porque me daban calmantes i eso, pero era o que máis medo me daba, sabes? Non poder ser independente, non poder ir ao baño só. E, pois, poder, quero decir, poder sentir que podía pedir axuda... pois foi mui bonito.

NEE: Que lindo iso.

ÉRIC: Si, verdá?

48:49

NEE: Antes mencionaches outra operación que foi a hysterectomía...

ÉRIC: Que marabilla.

NEE: ...que tamén a fixeches...

ÉRIC: Si, si.

NEE: Podes contarnos un pouco máis...?

ÉRIC: Foi moito menos invasiva, foi por laparoscopia... quero decir, xa tiña como un amigo que a fixera que me axudou un montón porque me quitaba a preocupación de cando un punto estaba curando raro ou así. El dicíame: "sí, eu tamén o tuven así", sabes? Quero decir, que cando tu ves unha ferida curando pinta feo, que ao mellor está negra... Pois se outra persona di: "a min pasoume" pois quedaste tranqui. Entón, foi unha operación menos invasiva, por dicilo de algunha maneira, pero aínda así, custoume un montón que o meu cerebro integrara ese cambio. E de feito, como un ano despois, estaba pa ir ao ximnasio, e tiña 2 pantalós pa ir ao ximnasio, porque iba 2 días a semana. Un azul e outro roxo. Entón, recordo que pensei: "bah, vou poñer o azul, porque hai moito tempo que non me ven a re..." Sabes? "Entón igual me ven o xoves". Entón foi como... guau! Claro que hai moito tempo que non me ven a regra porque me operei hai máis dun ano! (risas)

NEE: Claro, é unha mudanza bastante grande, entendo.

ÉRIC: Pero o meu cerebro seguía como... Sabes?

NEE: Como que non o asimilaras.

ÉRIC: Claro. Como que me iba a outra velocidade. Bueno, que tamén pasa ca espacialidade cando che quitan o peito, non?

50:04

NEE: E como foi esa decisión de querer facer esa operación?

ÉRIC: A de hysterectomía? Pois... de estar farto de ter que teorizar todo, e de racionalizar todo e de intentar conectar con tódalas movidas das emocións. Quero decir, hai que conectar cas emocións? Si, pero, podemos ir unha a unha. Entón, se eu realmente non quería ter a regra porque non quería xestar... creo que pasei moito tempo intentando demostrarme que podía arreglarlo, que podía entenderme. Cando tiña moitas máis movidas nas que entenderme. Sabes? Non sei se mo estaba intentando demostrar a min ou á xente. Sobre todo por demostrar que non era o corpo equivocado.

NEE: Claro.

ÉRIC: Entón creo que ás veces non vivín a miña transición plenamente centrándoa en min. Se non que a veces sinto que estaba como intentando demostrar que a xente se equivocaba.

50:51

NEE: Ehm... Unha vez... Feito isto, entendo que, polo que estás comentando, tamén foi un pouco como un antes e un despois, non?

ÉRIC: Desde logo.

NEE: En que sentido?

ÉRIC: No sentido de... teño un examen de tal cousa tal día. Saber que non vas ter a regra. Saber que vas poder ir entrenar con fulanito porque quedastes pa ir correr ao lado do río e ue non vas estar en plan ah... Ou que vas ir a praia tal día e non vas estar pensando en levar compresas e tampós. Ou que non vas ter que estar salindo do baño porque non hai papelera no de tíos, sabes? Ou que non vas ter que ir ao supermercado a comprar compresas.

51:31

NEE: Houbo algún tipo de... De novo vólvoche preguntar se fixeches algo como para marcar que ía ser esa operación? Ou cando a fixeches, algún tipo de celebración? Algo... Xa non digo celebración tanto como festa, se non algo que fose importante para ti.

ÉRIC: Recordo que era o Orgullo. O sea... recordo que era San Xoán a noite antes de operarme e a xente non paraba de tocar a... gaita na praza do lado da miña casa. I eu estaba desquiciao, estaba pensando: "como pode a xente estar aquí, cambiando de ciclo, eh? E eu podo morrer mañá!", sabes? O que si que recordo, que ao día seguinte de darme a alta, cheguei aí e estaba a xente, pois, que seguía celebrando cousas do Orgullo e... pois sentir que a xente estaba contenta de verme pois pa min xa foi a celebración. Quero decir, non foi un rito intencional de pasaxe, pero... foi mui gracioso porque había xente que era como: "ai, cuidado, espera que te abrace...", e dicíanme "ai que plano ves!". E era como: "non, non me operei das tetas" (risas). Quero dicir que ás veces é como que a percepción da xente é supresuxestionable.

52:36

NEE: E ao final, o día antes estaban cambiando de ciclo, pero ti un pouco o día despois estabas cambiando de ciclo tamén, non?

ÉRIC: Si, pero non a tiña clara de que eu for estar vivo, sabes? (risas) Tiña moito medo de palmala.

52:48

NEE: Claro. Estabamos falando do corpo, e falamos das operacións, e de... de hormonación e de tamén a túa propia percepción do teu propio corpo e a percepción da xente do teu redor... e como iso influíu en como ti te vías a ti mesmo, e a mi apetécame agora falar un pouco, se che apetece a ti tamén e sempre se en calquera momento non queres responder algunha cousa ou sintes que queda algo atrás podes cortarme... falar un pouco da túa relación co teu corpo e co corpo do resto en canto a sexualidade.

ÉRIC: Pois o feito de que... se me hipertrofiara o clítoris, pois cambiou totalmente a miña maneira de sentir placer. Ao principio era o típico, de que tiña máis sensibilidade e tal, logo foise como... amainando, non? Quero decir, perdeu sensibilidade, pero... nese momento estaba nunha relación de parella cunha persona ca que me sentía moi cómodo, e como que todo foi mui... natural e rodado, pero si que unha cosa rara foi o olor corporal, o sudor, sobre todo, cheiraba a maicito, é verdá. E quero decir, a veces non me reconecía a min mesmo no olor. Pero no tema da sexualidade, pois tiveron a gran fortuna de estar ben acompañado nese momento e poder explorar doutra maneira.

54:07

NEE: Porque claro, ti, antes da túa transición, como definías a túa sexualidade?

ÉRIC: Guau, unha... guau, que melón... Antes de transitar, cando eu llo dixen á miña amiga Rato, que eu era un home trans, ela díxome: "ah, entón eres hetero". Porque naquel momento eu solo... bueno... sentía que me gustaban as rapazas. Porque como che dixen, a miña única maneira de mostrarme como quen era, era ser la más lesbiana. E recordo que me impactara moito que me chamara hetero, porque para min hetero era como o que se supuña que tiña que ser. E díxenlle: "no no, son lesbiano" (risas). Total,

que ni una cosa ni la otra (risas). Pero definía así a miña sexualidade. E costoume moito... Si non tivera tido acceso a hormonas ou a operacións, non creo que chegara á conclusión de... de... de ser bisexual. Creo que tería ao mellor reprimido iso, porque creo que me situaría nun rol... sabes? Feminino... si se me entende. E como que... era como que fuxía de todo o que puidera asociarse a eso.

55:19

NEE: E como foi ese proceso de entenderte neste ámbito?

ÉRIC: Mui lento. Mui lento. Recordo que, antes de hormonarme, investigara en internet os cambios que padecían os corpos... que padecían, bueno... ou que disfrutaban. E recordo que acabei en páxinas porno vendo... pois... tíos trans... pois vendo como se hipertrofiaba o clítoris. E iso axudoume moito a... pois cando me empezou a medrar a min, ou a cambiar, pois... non sentirme raro ou mal. Porque nun libro de ciencias no cole eu non puíden ver eso, sabes? Entón, poder ter unha referencia gráfica do que iba a pasar, fíxome sentir que non era eu o único. Xustamente ao contrario do que me pasara de pequeno, de que pensaba que non había nadie máis así.

56:07

NEE: Claro, ti, á hora de entender a túa atracción, segundo dicias... falabas de que antes te entendías como iso... bueno, cando non tiñas referencias, chegaches a denominarte como lesbiana. E despois...

ÉRIC: Como lesbiano (risas).

NEE: Como lesbiano. A túa comprensión de ti mesmo acabou levando a un momento agora que te defineis como home bi, se non entendín mal. Entón, para ti, houbo como algún punto de inflexión, ou como foi ese proceso de descubrir que tamén sentías ese desexo ou esa atracción por persoas que se identifican como homes ou dentro do espectro masculino?

ÉRIC: Pois creo que... a labor de investigación que me levou a consumir porno, foi como, "Ah! Pois... creo que me gusta esto". E logo, pois, levoume tempo mentalizarme e verbalizalo. Pero creo que se non tivera transitado tería sido inviable, e que probablemente sería un perfil sin foto no Grindr (risas).

57:23

NEE: E houbo algún momento, algún punto de inflexión que dixeses... "Vou intentar explorar esta parte de min, ou vou intentar entendelo, ou vou..."?

ÉRIC: Si, cando rompín con esta persona ca que estaba, pois foi como... "buah, pois, a vivir", sabes? E tiveron a gran fortuna de dar con rapaces con cabeza, quero decir, que tamén outra cousa que me angustiaba era a percepción que eu teño do sector home cis. Co tema do consentimento, co tema da delicadeza... esas cousas. Pois creo que din con... sabes? Con xente decente, por fortuna.

58:01

NEE: Podes desenvolver isto da percepción?

ÉRIC: Como?

NEE: O que estabas dicindo da percepción do home cis, e como tiveches que recolocar iso.

ÉRIC: Que polo xeral sinto que un home cis, ao ser tan audaz e dar por feito que sabe de todo, non sempre escoita as aportacións de persoas que son socializadas como mulleres. E por experiencia propia, joder, pasábame antes de transitar, que non se me escoitaba antes como se me escoita agora. De todos os xeitos, a xente que me conoce de antes, por exemplo, no entorno ximnasio, non se me escoita como outro home. E son consciente. Entón, no eido sexual dábame pánico que eso pasara. Sabes?

NEE: Si.

58:46

NEE: Con respecto a isto, estás falando de que non se che escoitaba antes como se che escoita agora. Dános un pouco para falar dun tema, creo, que é moi interesante, que ao final unha transición é algo que fas moito por ti, pero que tamén inflúe moito en como o mundo te percibe.

ÉRIC: Total.

NEE: Non sei se ti tes esta experiencia, se podes falar-me un pouco disto de como mudou a percepción do mundo sobre ti...

ÉRIC: Mira, teño unha que era o veciño, o marido da que me dixo "xa eres unha muller", que antes de transitar eu... socialmente, eu lera "En vías de extinción" de María Reimóndez, e a protagonista non se depilaba. Entón eu dixen: "por que non o vou facer eu?". E fixen un experimento. Recordo que un día este señor díxome: "que peluda eres". O sea, como facéndome sentir sucio, non? E recordo que me sentín moi mal connigo e, pois non me depilei, pero sentínme mui mal comigo. E un ano despois, cando eu lle dixen, tesme que chamar Éric porque son un rapaz, miroume as pernas, e eu aínda non me empezara a hormonalar nin nada, miroume as pernas e díxome: "pfff... pois non tes muito pelo". Quero dicir, nada cambiara no meu corpo, non me pinchara nada, e as pernas que antes eran como antihixénicas, peludas e incorrectas, de repente eran insuficientemente masculinas, sabes? Eso voloume a cabeza dunha maneira que non se borra na vida.

01:00:09

NEE: Entendo isto e me parece super interesante porque eu tamén teño experiencias parecidas, de feito concretamente coas pernas tamén me ten pasado cousas semellantes.

ÉRIC: Lol.

NEE: A min téñenme dito que, "ah claro, e que ti xa tiñas como... pelo de home antes, non? Nas pernas".

01:00:27

NEE: Entón... tamén che quería preguntar un pouco xa non só por estas cousas que son percibidas diferentes cando te len como home ou cando te len como muller, senón, con respecto a como a xente se relacionaba contigo, notaches diferenza?

ÉRIC: Total. Quero dicir, agora, cando entro nun ámbito no que hai homes cis que non me conocen dantes, hai como unha camaradería rara. Cando hai un home, a veces, que non me conoce, no? Aproxímase a min e fai ao mellor un chiste machista. Pois hai eso, situacións que son super incómodas, nas que ao mellor confronto e... bueno, quero dicir, non me interesa que se me perciba de maneira simpática nun entorno así. Pero antes non pasaba. Antes era como... unha persoa non interesante nese sector, non desexable, non... quero dicir, non escoitable, sabes? Era unha persoa prescindible e agora de repente, pois pola miña aparencia física, de repente son un colega. E dáme moita rabia pensar que agora interpreto xestos de maneira amable, e son consciente que si hai xente coa que agora coincido, que si me conocera hai nove anos... a veces penso que... que se me estropeou o radar de gilipollas, sabes? Porque agora paréceme que todo mundo é moi cuqui, jaja jiji, pero sei que hai moita da xente ca que podo tratar de primeiras, hai nove anos quedaría no círculo externo do radar. E ao mesmo tempo hai xente que non podería conocer en intimidade ou en cercanía, pois por un malentendido, que ten pasado.

01:02:17

NEE: E que supuxo para ti que a xente mudase o xeito de percibirte?

ÉRIC: Deume moita tranquilidade, non ter que andarme xustificando todo o rato. Pero tamén me frustra moito non saber... Non teño habilidade para detectar imbéciles. Sabes?

NEE: Claro, entendo isto de... non tes que estar xustificándote todo o tempo como que non tes que estar, por exemplo, corrixindo a xente que che tratan en masculino.

ÉRIC: Claro.

01:02:45

NEE: Eu tamén quero preguntarche sobre todo, xa non por cando te tratan en masculino, en feminino, ou cando xa entenden a túa identidade ao verte ou non; senón, con respecto a estas mudanzas, non xeito en que a xente te trataba. Como foi o proceso de decatarte que estaba mudando todo iso? Como ti o, viviches.

ÉRIC: É que é moi bestia. Non é... É que non é unha movida que digas, "é sutil", é que bestial. É que... é que de repente, como que, empezas a partida en modo fácil. Por exemplo, cando a miña abuela estivo hospitalizada, pois púxenme a facer a cama, mentres ela

estaba no baño, e veu unha enfermera e dixo, "ai, que neto tan..." como dixo? Pois sabes, como... "funcional", sabes? Es que señora... Que si me tuvera percibido eso hai nove anos, non me tería aplaudido, porque era como o que se esperaba de min. Sabes?

01:03:29

NEE: E agora notas que, cando estás en certos círculos, que se cadra non, eu pregunto por saber se pasa ou non, falabas antes da camaradería entre homes, por exemplo, que é algo que antes non... ou non percibías ou se percibías o percibías como algo externo, non que te intentasen incluír. Pero notas que hai como certos... ritos, ou certas costumes, ou certas cousas que te implican socialmente que antes como... te excluían, ou antes te implicaban, e agora te excluían...? Pode ser, por exemplo, a camaradería, iso de, agora xa se asume que ti formas parte dun círculo e que tes que estar, pois iso, seguir esas bromas machistas que dicias, ou ser colega dos homes, simplemente por esa cuestión de xénero... Hai algún outro rito, costume ou xeito de actuar en sociedade que mudase en ese aspecto?

ÉRIC: Para min, o sea, hai un par de cousas que quero comentar aquí. Espera que se me olvidou unha, un minuto. Oh, fuck! Un minuto, eh.

NEE: Si, si, non hai presa.

ÉRIC: Buah, acábaseme de ir muchísimo.

NEE: Estamos falando diso, dos...

01:04:38

ÉRIC: Si, por un lado, quería comentar que, por exemplo, poder ir ao meu vestuario, ao que me corresponde, en kárate, que levo ido a kárate media vida, para min poder ir a ese vestuario é como moi tranquilizador, porque bueno, teño confianza con esta xente, aínda que bueno, podemos ter pensamentos políticos distintos, pois podemos convivir, non me sinto... sabes? Quero dicir, pódome duchar... Non vou en bolas... literal que non (risas), á ducha... Pero, quero dicir... mítico, lévome a toalla e a roupa interior, e salgo, quero dicir, sintome relativamente tranquilo. Pero ao mesmo tempo a xente que me conoce de antes, por exemplo, en kárate, non é consciente de que... Hai, por exemplo, un señor en concreto que cando fala, e hai dúas... hai unha persoa máis, nunca ten o corpo orientado hacia min. Sempre está falándolle a outra xente. Cando eu falo, non sempre se me escoita. Pero, noutras ocasións, pasa ao revés, pasa que eu estou cun colega, e hai unha muller que nos está atendendo, por exemplo, nun bar, e el está orientado hacia min. En vez de estarlle falando a ela de que ingredientes quere na pizza, figúrate. Sabes? Pero non... non o fan de maneira consciente i é o peor de todo, que non falamos explicitamente entón, pois, eu verbalizo esto e a veces é incómodo. Entón, creo que... a camaradería? Si, pero non me sinto como parte do sector señores.

NEE: Claro.

ÉRIC: Non me sinto... Por exemplo, cando a miña prima se casou eu preferín ir á despedida de solteira. Non tiña nada en común cos colegas do meu primo, quero dicir... non se me perdía nada.

01:06:23

NEE: Que cousas che levan a dicir que non tes nada en común cos colegas da túa prima, por exemplo?

